Num. 251
ESPECIAL

FOUCE

Inverno
Primavera 2007

CONGRESOS

2 **2007, ano de congresos no SLG: a túa participación é fundamental.** Lidia Senra

3 **Congreso do sector hortofrutícula.**

5 **Congreso do sector de Vacún de Leite.**

9 **Congreso do sector da Pacata**

13 **Congreso dos sectores Ovino e Cabrún**

16 **Congreso do sector Vacún de Leite**







Composición feita con cadros de Vincent Van Gogh. De esquerda a dereita, e de arriba a abaixo: *Os rapadores de ovellas* (1889), *Natureza morta con verdura e froitas* (1885), *Vacas* (1890), *Vaca deitada* (1883), e *Labregos sementando patacas* (1885).





Os sectores agropecuarios reorganízanse no Sindicato Labrego Galego

O pasado 27 de xaneiro, celebrábase na localidade d'A Rúa, en Valdeorras (Ourense), o Congreso do Viño do Sindicato Labrego Galego. Desta maneira, inaugurábase o calendario de congresos que o SLG vai desenvolver, ao longo de todo o ano 2007, nos sectores de horta, froita e flor; vacún de leite; pataca; ovino e cabrún; e vacún de carne. Ademais, como apoio transversal, celebraranse tamén un seminario sobre pequenas explotacións e un congreso de mulleres.

Todos os sectores agropecuarios galegos están a vivir fondas transformacións e a aparición de novos retos, polo que esta reorganización do SLG servirá para asentar unha nova estrutura sindical preparada para afrontar estes tempos de cambio.

O traballo congresual culminará, finalmente, no outono de 2007 coa celebración do sétimo Congreso do Sindicato Labrego Galego.

2007, ano de congresos no SLG: a túa participación é fundamental

Compañeira, compañeiro:

No Sindicato Labrego Galego comezamos o novo ano cunha tarefa moi importante na nosa vida interna: a celebración dos congresos sectoriais: Viño; Horta, Froita e Flor; Pataca; Leite; Ovino e Cabrún; Carne de Vacún; e o congreso das Mulleres; todos eles enmarcados dentro de todo o proceso congresual da nosa organización ao longo do 2007.

Como sabes, os congresos son os máximos órganos de decisión do SLG, nos que todos os afiliados e afiliadas temos voz e voto para decidir cales serán as liñas xerais de actuación durante os próximos catro anos.

Nos congresos sectoriais correspóndenos debater e elaborar que política queremos para todos e cada un dos sectores produtivos nos que traballamos.

Por iso, e para facilitar a participación de todos e todas, é polo faremos en cada comarca unha asemblea previa a cada congreso sectorial, na que é moi importante que expoñas as túas ideas e propostas para seguirmos tendo unha organización forte que defenda os intereses dos labregos e labregas deste país.

Temos, ademais, que escoller en cada comarca ás persoas que formarán parte das distintas direccións de sector, animándovos a todos e a todas a participar e a presentarvos, porque o noso papel e presenza é fundamental na elaboración das propostas sindicais para o noso traballo e a nosa vida.

Para seguirmos dicindo en voz alta e en todos os sitios o que queremos como labregos e labregas, o que queremos para manter a nosa agricultura, o noso traballo de producir alimentos, o noso medio rural vivo, é polo que a túa participación nos congresos sectoriais do Sindicato Labrego Galego é fundamental.

Lidia Senra,
secretaria xeral do Sindicato Labrego





Congreso de Hortofruticultura /3

RELATORIO DO CONGRESO SECTORIAL DE HORTOFRUCTICULTURA DO SINDICATO LABREGO GALEGO

1. INTRODUCCIÓN.

O agro galego caracterizouse desde sempre por ter condicións idóneas para desenvolver nel múltiples e variadas producción: agrícolas, gandeiras e forestais. Dentro destas potencialidades naturais, a producción hortofrutícola foi, historicamente, moi variada en canto a productos, rica en canto a variedades e diversa en canto a zonas de producción con características edafoclimáticas diferenciais.

Por outra banda, aínda somos quen de lembrar o movemento socioeconómico que ditas producción, non fai máis de vinte anos, supoñían nos mercados locais das vilas e cidades (en feiras, prazas de abastos, tendas, etc..)

Unha vez entrou o Estado Español na Comunidade Económica Europea (CEE), hoxe Unión Europea (UE), a aposta, no sector hortofrutícola, como en todos os demais, de concentración das producción, intensificación das mesmas para a obtención de "productos" rendibles para as multinacionais da producción/distribución, fixo que, en base a normativas que supostamente avalan a calidade, seguridade, sanidade, etc., etc.. se fose destruíndo todo o potencial hortofruticola galego, orientándose tamén este sector en base a monocultivos dependentes de tecnoloxía das multinacionais e á concentración de mercados e posibilidades comerciais para a distribución en plataformas.

Hoxe en día, as potencialidades productivas históricas vense moi limitadas por toda unha serie de factores que a continuación trataremos de analizar.

2.- SITUACIÓN DO SECTOR.

O sector hortícola galego pasa por unha grave crise nos derradeiros anos caracterizada por unha situación continuada de prezos similares aos de fai anos, que en moitos casos non chegan a cubrir os custes de producción.

■ Constátanse marxes abusivas da distribución con máis do 100% en moitos productos do prezo final con respecto ao prezo percibido polos productores e productoras.

■ Constátase así mesmo un aumento cada vez maior das importacións, mesmo de dubidoso control, de productos hortofrutícolas para o mercado galego, procedendo, no caso das froitas, a práctica totalidade das consumidas no territorio galego de fóra do noso país.

■ O modelo de producción intensivo, económica, social e tecnoloxicamente, é maioritario no sector, pero está supoñendo graves problemas: dependencia económica da distribución, cada vez máis concentrada nas multinacionais da alimentación; problemas de saúde evidentes e cada vez máis preocupantes entre os productores e productores, pero tamén entre a cidadanía en xeral; problemas medio ambientais de residuos e contaminación.

■ A esta situación únese unha cada vez maior dependencia tecnolóxica (sementes, adubos, plantas, fitosanitarios...) afondando no modelo de integración das explotacións para poder producir nas condicións reclamadas polos "mercados" e reforzadas polas leis vixentes (paquete hixiénico-sanitario, normativas de calidade, trazabilidade...).

■ O establecemento de leis e normativas, así como o cambio provocado nos horarios e nos hábitos de consumo, están creando mercados cada vez máis concentrados nas áreas comerciais, supoñendo xa en moitas zonas do país a imposibilidade de comprar productos labregos galegos nos mercados: non existen leis que protexan nin potencien as hortalizas e froitas, frescas e/ou transformadas, procedentes das explotacións familiares, nin sequera para o mercado máis próximo, coa conseguinte decadencia noutros sectores económicos locais das vilas e cidades galegas.

■ As normas citadas aplícanse por igual, non existindo excepcionalidades, aos productos para a gran distribución que para os mercados de proximidade, non tendo participación, fóra das D.O.s, nin os/as productores/as nin os/as consumidores/as no establecemento dos parámetros de calidade.

■ A cuasi inexistencia de empresas de sementes e de viveiros de horta e de froita obriga á dependencia máis absoluta en canto á tecnoloxía xenética de híbridos, OXMs... e limita as posibilidades de adaptación dos cultivos ao clima e solo galegos.

■ Esta dependencia vai aparellada habitualmente á compra de paquetes tecnolóxicos completos para a producción (adubos químicos, fitosanitarios, etc) con consecuencias cada vez máis graves non só na rendibilidade das explotacións senón tamén na saúde de quen produce e quen consume e, por suposto, no medio ambiente.

■ O acerbo xenético-cultural de variedades e prácticas de cultivo está practicamente perdido a nivel comercial, sendo residual o que queda e mantido fundamentalmente nas pequenas explotacións de autoconsumo polas mulleres, no caso das hortalizas, e polos homes, no caso das froitas: de aí entendemos que deriva a grande importancia tamén do mantemento destas explotacións se non queremos que sexa irreversible dita perda, mesmo para poñela en valor en circuítos comerciais.

■ Non existen rexistros públicos que protexan dito acerbo, nin posibilidades legais de cultivo de variedades locais.

■ Os parámetros e os controis de residuos en base á calidade e salubridade dos alimentos responden a criterios distintos dos que desexaríamos o sector productor: así, os LMR (límites máximos de residuos) dos productos hortofrutícolas varían cada ano e o listado de fitosanitarios permitidos tamén; as normas de calidade fanse en función do aspecto, tamaño, cor, aguante ao transporte, etc.,

■ As administracións non informan aos consumidores/as destes cambios nin das súas consecuencias, o cal conleva nunha grande parte da cidadanía unha confusión absoluta do que é prexudicial para a súa saúde; achacándosenos en moitas ocasións aos labregos e labregas a responsabilidade do emprego de agrotóxicos na cadea alimentaria e non aos gobernos que os negocian coas multinacionais en organismos como a OMC ou a Unión Europea.

■ Aparecen en escena os termos hortofruticultura convencional-integrada-ecolóxica, propostos desde os mesmos gobernos e organismos, para crear un pseudo-debate social arredor da calidade e da saúde; non aparece nunca o termo hortofruticultura labrega nin as implicacións socioeconómicas para os cidadáns e cidadanas destes modelos duais.

■ En cánto ao asesoramento e a formación ás explotacións tamén vivimos neste sector un desmantelamento de todo servicio público non dependente de multinacionais co desmantelamento das O.A.C.s (Oficinas Agrarias Comarcais) e dos centros de investigación.

3.- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN DO SINDICATO LABREGO GALEGO.

■ Establecer Contratos Homologados Plurianuais entre labregas e labregos e o sector da distribución operante en Galiza, con intermediación da administración pública galega.

■ Demandar políticas que apoien e promocionen o consumo de froitas e hortalizas producidas no noso país en primeira instancia.

■ Eliminar as prácticas fraudulentas da dis-



tribución no etiquetado de productos hortofrutícolas non producidos na nosa terra.

■ Investigación, control e publicidade por parte da administración das marxes comerciais existentes entre producción e consumo, establecendo medidas correctoras e/ou sancionadoras.

■ Apoio desde as administracións á redución de custes de producción e comercialización, mellorando as infraestructuras comarcais (rego, transportes, mercados..) e desenvolvendo políticas propias de abastecemento de insumos con recursos locais (materia orgánica, adubos, sementes, viveiros, tecnoloxía...)

■ Investigación, extensión, asesoramento e formación públicas adaptadas a Galiza que permitan o desenvolvemento dun sector non dependente economicamente de tecnoloxía allea no que se eviten os problemas de saúde para as persoas e para o medio ambiente.

■ Promoción do emprego de sementes e material vexetal hortofrutícola adaptado ás nosas condicións edafoclimáticas , tanto en variedades comerciais como en variedades locais.

■ Prohibición expresa de emprego e cultivo de variedades transxénicas no país.

■ Apoio á diversificación da producción hortícola e nomeadamente da frutícola.

■ Control público e exhaustivo de residuos de agrotóxicos nos mercados finais, elaborando a administración galega políticas propias de investigación e información sobre os L.M.R. permitidos e os productos fitosanitarios autorizados e das súas consecuencias na saúde e no medio, cuestionando mesmo o procedemento de autorización de agrotóxicos e as súas implicacións na saúde para todos os sectores de poboación (mulleres, maiores, nenos e nenas,...).

■ Establecemento de medidas de apoio decidido ás canles de comercialización curtas no noso país (mercados locais, prazas de abastos, pequeno comercio, restauración, hostalería e turismo, comedores colectivos e/ou públicos...).

■ Promoción do consumo e comercialización a traveso das plataformas de distribución e das áreas comerciais dos productos hortofructícolas galegos das nosas explotacións, mesmo condicionando a implantación de novas áreas comerciais, ao cumprimento deste requisito.

■ Elaboración e/ou revisión de medidas legais que permitan a comercialización en circuítos curtos de productos hortofrutícolas frescos e transformados/elaborados, garantíndose á cidadanía a trazabilidade e a sanidade dos mesmos para o seu consumo.

■ Impulsar desde os gobernos un modelo de producción sostible, productor de alimentos sans para todo o mundo, é dicir: hortofruticultura labrega. Os termos integrada e ecolóxica non deben ser máis que unha estratexia no camiño da concienciación e da loita por conseguir este modelo.

■ Apoio con fondos públicos para o mantemento de pequenas explotacións hortofrutícolas no territorio, pola súa importancia social, económica, medioambiental e cultural.

■ Revisión e adecuación de todos os apoios e axudas, apostando por criterios de sustentabilidade económica, social e ambiental.

■ Aposta polo fortalecemento das relacións das productoras e productores coa cidadanía, para ir elaborando, debatendo e conquerindo os obxectivos citados.

REGULAMENTO DO CONGRESO SECTORIAL DE HORTOFRUCTICULTURA DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Artigo 1.- O presente regulamento establece as normas de funcionamento do Congreso Sectorial Hortofrutícola do Sindicato Labrego Galego que se celebrará o 25 de febreiro de 2007 en Betanzos - Comarca das Mariñas, ás 11:00h da mañá.

Artigo 2.- Poderán participar no período precongresual e asistir ao congreso, con voz e voto, tódolos afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego pertencentes ao sector que teñan as súas cotizacións ao día.

Artigo 3.- APROBACIÓN DAS PONENCIAS POLA COMISIÓN EXECUTIVA.- A Comisión Executiva dará a súa aprobación ou modificará, segundo os casos, os borradores de ponencias.

Artigo 4.- DEBATE NA AFILIACIÓN.

1.- Unha vez aprobados os proxectos de ponencias, estes serán remitidos aos locais antes do 7 de Febreiro para a súa distribución entre toda a afiliación.

2.- A Comisión Executiva aprobou o calendario para a celebración das Asembleas Comarcais do Sector para debater as ponencias e nomear os/as representantes que correspondan para a Dirección Nacional do Sector. O calendario é o seguinte.

-Do 5 de febreiro ao 7 de febreiro, comunicación ao Secretario de Sectores Agrícolas a planificación das Asembleas Comarcais de Sector.

-Do 7 de febreiro ao 22 de febreiro celebraranse as Asembleas Comarcais de Sector.

-O 25 de febreiro de 2007 celebrarase en Betanzos o Congreso Sectorial de Hortofructicultura do SLG.

3.- O criterio de asignación de representantes por cada comarca para a Dirección Nacional de Hortofructicultura será o seguinte:

a) As comarcas constituídas, elixirán dúas persoas para a Dirección Sectorial.

b) Aquelas comarcas que superen os/as 25 afiliados/as no sector, poderán elixir un ou unha representante a maiores.

c) Para facilitar a asistencia ás reunións, deberase elixir un ou unha suplente para cada titular da Dirección de Sector.

Artigo 5.- ASEMBLEAS COMARCAIS.

1.- As Asembleas comarcais celebraranse entre o 7 de febreiro e o 22 de febreiro, segundo o calendario fixado pola Comisión Executiva na súa reunión do 20 de decembro de 2006. Poderán asistir, con voz e con voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector, que teñan as cotas ao día.

2.- Tódolos afiliados e afiliadas poderán presentar emendas ás ponencias que se debatan. As emendas serán presentadas por escrito, e pasarán para o seu debate no Congreso Nacional do Sector, aquelas emendas que acaden, alomenos, o 30% dos votos dos/das presentes. Todas as emendas serán debatidas no Congreso Sectorial.

3.- As emendas que pasen para o debate no Congreso de Sector, teñen que ser pasadas por escrito antes do día 23 de febreiro ao Secretario de Sector, e debe figurar o/a afiliado/a que vai defender cada emenda.

4.- Rematado o debate das ponencias procederase á elección dos/as representantes da comarca para a Dirección Nacional de sector segundo o anexo que se achega. Serán elixidos ou elixidas polo procedemento de listas abertas, resultando elixidas as persoas que teñan maior número de votos.

5.- De cara a contribuír a aumentar a presencia das afiliadas nos organismos de dirección do Sindicato Labrego, a Dirección Nacional recomenda que se teña como criterio a introducción das compañeiras na Dirección de Sector e que, alomenos unha das persoas elixidas sexa muller.

Artigo 6.- O PLENO DO CONGRESO NACIONAL DO SECTOR DE HORTOFRUCTICULTURA.

1.- O pleno do Congreso Nacional celebrarase o día 25 de febreiro de 2007 en Betanzos (Comarca das Mariñas) ás 11:00h da mañá.

2.- O Pleno estará presidido por unha Mesa que será elixida na sesión previa. A Mesa estará formada por un Presidente ou unha Presidenta, que dirixirá os debates; un Vicepresidente ou unha Vicepresidenta; un Secretario ou unha Secretaria, que levantará acta da reunión; e dous ou dúas vocais. A Mesa Presidencial, por maioría, resolverá as controversias que puideran darse na interpretación do presente regulamento.

3.- Unha vez elixida a Mesa Presidencial do Congreso someterase a aprobación, a orde do día da sesión e o regulamento, dándose inicio aos traballos.

4.- Tódalas persoas que defendan emendas terán unha quenda a favor e tres minutos para defender a súa emenda no Pleno. A continuación, intervirá a persoa designada pola Dirección de Sector para defender a ponencia oficial, podendo concederse unha nova quenda de réplica para fixar posicións. A Mesa do Congreso ten competencia para acurtar os tempos de intervención coa fin de axustarse ao horario establecido na orde do día.

5.- As emendas "in voce" só poderán ser aceptadas cando sexan proposta de síntese e así o decida a Mesa Presidencial por maioría.

6.- Unha vez rematado o debate de cada emenda procederase á súa votación, que para ser aprobada requirirá maioría simple.

7.- Cando remate o debate de tódalas emendas procederase á votación final conxunta sobre a totalidade da ponencia. Para ser aprobada, requirirá maioría cualificada.

8.- Ao rematar o proceso, a Dirección de Sector electa procederá á elección, de entre os/as seus/súas membros, do/a representante de sector para a Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, que á súa vez exercerá de Responsábel do Sector Hortofructícola do SLG.

Anexo informativo para a elección dos/as membros da dirección de sector.

■ **Deza - Tabeirós:** 2 representantes máis 2 suplentes.
■ **Salnés:** 2 representantes máis 2 suplentes.
■ **O Rosal:** 2 representantes máis 2 suplentes.
■ **Bergantiños:** 2 representantes máis 2 suplentes.
■ **As Mariñas:** 2 representantes máis 2 suplentes.
■ **Ferrolterra:** 2 representantes máis 2 suplentes.
■ **Compostela:** 2 representantes máis 2 suplentes.
■ **Ourense:** 2 representantes máis 2 suplentes.
■ **A Mariña:** 2 representantes máis 2 suplentes.

RELATORIO DO CONGRESO SECTORIAL DE VACÚN DE LEITE DO SINDICATO LABREGO GALEGO

1.- VALORACIÓN DA SITUACIÓN DO SECTOR LÁCTEO

Nos últimos anos o sector lácteo pasou de ser un sector altamente activo a nivel social e reivindicativo, así como na demanda de dereitos e condicións para a súa evolución no futuro, a centrarse na adaptabilidade das explotacións á situación que lle veu dada pola conxuntura do momento, pero como dende as Administracións houbo unha falta total de política agraria, no sentido de camiñar cara un tipo de explotación determinado, que permitira un nivel de renda capaz de facer posible a subsistencia dos seus traballadores e traballadoras, cada explotación colleu polo camiño que lles pareceu mellor aos seus titulares para acadar as condicións antes ditas, e este camiño foi maioritariamente o do redimensionamento, visto este sempre no sentido da ampliación: aumento de dereitos de producción (cota), aumento da cabana, aumento das instalacións, da maquinaria etc., unha política de "sálvese quen poida". Foi en definitiva facerse eco da consigna que o sistema económico neoliberal lles lanzaba de que hai que ser grandes para ser competitivos; ou o que é o mesmo: investir moitos cartos para manter o mesmo nivel de renda.

O resultado foi un ritmo de destrución de explotacións de máis de 3.000 por ano, para permitir que outras aumentaran de tamaño. Esta política, baseada en grandes esforzos de investimento, e en dimensionamentos desequilibrados, xa que se medrou en cota, en gando e en instalacións, pero non en capacidade productiva de forraxes, en base territorial, etcétera, co cal se dispararon os custos de producción, ao tempo que se cambiaba o concepto de sistema produtivo.

Toda esta dinámica funcionou durante un tempo, pero empeza a facer auga no momento en que os prezos de venta da producción inician a súa caída, tendencia que se consolida e se acentúa a medida que corre o tempo durante os últimos dous anos.

Pero todos estes cambios levan a outros, máis fondos se cabe, como son os cambios de manexo e os cambios de sistemas de produción. Explotacións con gran número de animais e pouca base territorial axiña abandonan o pastoreo e a producción propia de alimentos (forraxes), e esto significa perder totalmente o control dos custos de producción, unha dependencia total de insumos producidos e comercializados fora do entorno da explotación; resumindo unha perda de capacidade de reacción da explotación fronte a circunstancias adversas (dependencia). A única saída deste tipo de explotacións (a maioría), cando os prezos de venta son baixos, é a saída cara adiante: o productivismo.

Dito esto deberíamos analizar cada unha das circunstancias que se complementan para dar esta situación global pouco esperanzadora:

■ Desaparición de explotacións.

Hai tres factores determinantes para esta redución esaxerada de explotacións:

‣ Por un lado unha situación de idade avanzada de moitos dos traballadores e traballadoras das granxas.

Por outro que se lles repetiu ata a saciedade que eran inviábeis.

‣ E por outro, a facilidade que se da dende a Administración pública para o abandono da actividade agraria. Se o esforzo para que a xente se quede no sector fora igual ao que se fai para que se vaian, posiblemente tivéramos o dobre de explotacións das que temos. En Galiza pecharon moitas explotacións das máis viábeis, con boas cotas e totalmente amortizadas, que pecharon ou deixaron a producción de leite, simplemente porque consideraron que a venta da cota era unha operación de maior rendibilidade que seguir producíndoa (mercado especulativo da cota, que foi o principal factor de endebedamento). Ao revés que ocorreu nas explotacións máis endebedadas, onde se viu como única saída posible a saída cara adiante, incrementando así a débeda para aumentar a producción.

■ Os investimentos.

Primeiro foi en cota, onde os grandes especuladores conseguiron que os prezos subiran en forma de burbulla ata seren imposibles para a maioría, debido tamén á postura da Administración de que o único xeito de conseguir incrementar a cota, e con ela a producción, fora mercándoa; pero despois viñeron os grandes investimentos en formigón, os grandes tractores, etc., ata chegar a unha situación onde moitas explotacións teñen que ter algún dos traballadores con relacións laborais externas que permitan facer fronte aos pagos das amortizacións. Outras moitas tiveron que pechar xa polo excesivo investimento, e moitas outras aínda terán que seguir polo mesmo camiño.

■ Os prezos.

A última reforma da PAC era clara: unha vez que se aplicara traería consigo unha redución importante dos prezos. Teremos que loitar por manter prezos dignos pero a orientación vai vir no sentido de baixalos e temos que ser conscientes deso. Ademais existen moitos prezos inflados artificialmente pola vía das primas de cota. Aínda que sexa por evolución natural as primas de cantidade iranse minimizando e desaparecendo a medida que haxa un maior número de explotacións con cotas grandes, contribuíndo así a unha nova baixa do prezo global.

No día a día, a posible negociación de prezos perfilase cada vez máis complicada, xa que a estratexia neoliberal de considerar o mercado como modulador do prezo, e a asunción desto como dogma de fe por case todo o mundo, implica que se entendan as negociacións de prezos como unha "negociación de tendencias" para permitirlle ao "mercado" (a quen teña maior poder económico), fixar os prezos definitivos. Non se pode chamar negociación de prezos a algo que non fixe, cando menos, os mínimos e esto vai ser moi difícil, debido á presencia sistemática da pantasma do intervencionismo nas mesas de negociación.

Por outra banda, o prezo é o determinante básico da renda, polo que cobra unha importancia capital dende un punto de vista sindical, polo tanto debe ser prioritario, aínda sendo conscientes da súa dificultade.

■ O manexo.

A perda do sistema de manexo tradicional que existía en Galiza e, cando menos, en toda a cornixa cantábrica, que moita xente do sector considera un índice de modernidade, en realidade significa unha perda de norte total. No anterior congreso deste sector xa valorabamos que a gran riqueza do noso Pais para a produción gandeira é a producción de forraxes. Sen esto outras comunidades máis próximas aos mercados de insumos terán moita máis facilidade económica para adquirilos. Pero hai outro factor determinante: no momento en que unha explotación non produce os alimentos do gando, perde totalmente a capacidade de influír nos custos de producción, e pasa a unha situación de total dependencia, e así, se as subidas de custos de producción se asocian a prezos baixos a explotación será ruinosa e tenderá ao peche.

Non obstante, pese a esto debemos ser conscientes de que o número de explotacións que optan por esta vía son cada vez máis, ademais, como no prazo inmediato supón unha subida na producción (para a cota que ao mellor non teñen), todo o mundo o considera un salto moi positivo, sobre todo na filosofía do produtivismo (Máis producción máis renda) cousa que sabemos que é falsa, na maioría dos casos.

Por riba de todo esto planea a relación de dependencia que significa que a explotación non sexa capaz de alimentar o seu gando. Ademais, se a producción de insumos decrece (por efecto do desacoplamento, etc.), e a demanda aumenta, o prezo irá a máis, aínda por riba sen ningunha garantía de procedencia, converténdonos así en carne de canón para o mercado de transxénicos, alimentos industriais, medicamentos, etcétera.

Estratexicamente, esta, coma calquera outra actividade so pode ser positiva para o conxunto da sociedade se é capaz de revalorizar os recursos que o país posúe, neste caso o "verde". Si se desvincula totalmente desto será coma se fora unha actividade de enclave, incapaz de artellar unha actividade endóxena duradeira, e será pouco importante dende o punto de vista da economía social.

A xeito de resume, parécenos que hai unha serie de prácticas totalmente insostibles que cada vez gañan máis adeptos e son:

a) Alimentación do gando maioritariamente esóxena e dependente de factores externos

b) Xenética de altísima productividade con animais de moi curta duración

c) Dimensionamentos de explotacións que xeran unha necesidade de traballo superior da que dispón a explotación, o que provoca unha obrigatoriedade de aplicación do apartado "a".

d) Un manexo totalmente irresponsable da escasa base territorial que ven dado pola combinación de usos excesivos de xurro, fertilizantes químicos, herbicidas, fitosanitarios e pesticidas, sobre todo onde se ensila millo.

■ O sistema de xestión de cotas.

O sistema de xestión de cota que se fixo no estado dende o ano 93 ata o ano 2005, baseado na compravenda privada de cota foi o maior axente destructor de explotacións con que contou o estado, que conseguiu dividir por oito o

número de explotacións, e ademais cambiou o perfil de explotación viable xa que en lugar de ter en conta as características productivas da explotacións tiña as económicas. Esto significou que o pensamento deixou de ser agrario para ser económico-especulativo; a base fundamental para os cambios que se foron dando no sector. O mercado de cotas destruíu máis explotacións que podería destruír ningún sistema de produción, e ademais dividiu o sector para sempre tres tipos de gandeiros ou gandeiras, con intereses practicamente irreconciliábeis.

2. O QUE VÉN DE FÓRA.

O neoliberalismo como ideoloxía dominante é o peor inimigo que ten nestes momentos a gandería tradicional, (o mesmo que o conxunto da actividade agraria), e dos seus discursos despréndese a maioría dos males e dos erros que cometen os gandeiros e gandeiras. Parte do principio de que o obxectivo de toda actividade económica debe ter como resultado unha maximización de beneficio, e para eso é preciso maximizar tamén a productividade. En suma, que calquera gandeiro ou gandeira que xestione ben a súa empresa, e "produza como hai que producir" converterase nunha especie de Bill Gates nun curto prazo de tempo. Tamén participa da idea de que a producción debe de estar na man de uns poucos moi grandes que cubran as necesidades do mercado e o "controlen"; e esto é así, so que os grandes que controlan o mercado non son gandeiros nin gandeiras. E como pensamento de fondo en moitas cabezas, por suposto: a nosa granxa será das grandes, non das que desaparecen para que outras se extradimensionen.

Toda esta situación ten dúas vías de aplicación: unha a nivel das políticas que se xeran: PAC, Aplicación desta nos estados, etc., destinadas todas elas á concentración da producción nas mans de agronegocios e a xerar unhas producións altas e a baixo prezo, (outra máxima do liberalismo, que precisa para fomentar o consumo). Os productores e productoras agora dedicaranse a manter a paisaxe linda e a cumprir condicións medioambientais que xa destrúen as grandes granxas que producen o leite, esta dobre moral é tamén unha mensaxe básica das políticas agrarias europeas dos últimos anos.

A outra vía é a ideolóxica, a que nos repite ata a saciedade a televisión, a prensa, o que nos merca o leite, o que nos vende o tractor ou os ladrillos, o funcionario da Oficina Agraria Comarcal, o/a nutrólogo/a… etc.: "se fas ben as cousas, en pouco tempo gañarás diñeiro coma terra, sobre todo se mercas o que eu che vendo, que é imprescindible para que a túa actividade funcione". Este é o peor inimigo e o máis estendido, ata o punto que ten máis credibilidade o sistema liberal de pensamento neste sector que nos propios cadros do sistema económico. Vivimos unha situación de papanatismo moi difícil de contrarrestar co debate que o SLG é capaz de xerar, sobre todo porque so o SLG levará ese debate ó sector. Non existe ningún outro aliado para levalo adiante, xa que o resto da sociedade participa, maioritariamente, do mesmo papanatismo.

3. ONDE ESTAMOS.

Con toda esta situación aparécenos un panorama no que conviven varios tipos de explotacións e con moi diferentes perspectivas e concepcións:

■Aquelas que levan tempo medrando e pensan seguir facéndoo se é posible, sen ningún tipo de límites. Soen ter altos niveis de endebedamento, e séntense frustradas porque non poden seguir mercando cota para producir cada ano máis e converterse así nunha especie de "factoría" comarcal.

■As que teñen unha configuración que cumpre as condicións de xerar abonda renda para satisfacer as necesidades dos seus traballadores e traballadoras, pero que no proceso de configuración xeraron desequilibrios (falta de terra, falta de man de obra suficiente, etc..) que dificilmente poderán corrixir e que lles están disparando os custos de producción, están polo tanto en situación de dubidosa durabilidade.

■As que están en condicións satisfactorias para seguir adiante.

■Aquelas que por unha ou outra razón (normalmente idade avanzada e falta de sucesión), serven exclusivamente como unha maneira de ir chegando á xubilación os seus titulares, pero que nun prazo mais ou menos curto pensan desaparecer do sector.

Con toda esta panorámica ofrécesenos un sector que non pode ser máis heteroxéneo en canto á configuración infraestructural, con intereses moitas veces enfrontados entre si, e aínda por riba con ideas moi diferentes de cara a onde debe dirixirse o sector. Pódese dicir que non existe ningunha alternativa de futuro, a calquera nivel que falemos, que serva para todos e todas, senón que cada un dos grupos enunciados ten unha idea de futuro diferente.

4. A SITUACIÓN DO SLG NO SECTOR.

Moi a miúdo temos feito a análise de que o ano 98 foi un punto de inflexión na historia do movemento sindical no sector lácteo, pola perda da súa capacidade combativa, da súa oposición ás difíciles circunstancias que se lle impoñían desde diferentes estamentos políticos e da dilución da súa unidade nas diferentes loitas. É posible que esto sexa así, e dende logo para o SLG ese momento significou a perda da hexemonía no sector, pero a estas alturas, temos que pensar que pasou algo máis que o aplacamento da loita sindical.

Os procesos ideolóxicos tardan tempo en se introducir na sociedade, pero o xeito de pensar muda de xeito implacable co paso do tempo, non so a nivel intelectual, senón tamén no cotiá, e de momento esta batalla, -este debate- ponderase a favor do poder establecido, do sistema dominante, da ideoloxía neoliberal da que falábamos, en definitiva, (o mesmo que no resto da sociedade, -tamén hai que dicilo-), e esta é unha loita difícil. E ademais moi lenta, e compre moita paciencia para non perdela definitivamente.

A defensa da totalidade do tecido productivo do sector, (de todas as explotacións), é incuestionábel e necesaria, dado que xa non fica moito. Pero esto é doado de prantexar para unha organización profesional que defenda as explotacións dun xeito semellante ao corporativismo dos colexios profesionais; pero o SLG é unha organización social na que non so contan as explotacións como entes productivas, senón tamén como factores de vertebración social e de artellamento do país, e , moito máis no fondo, as persoas que fan posible a producción. Nunha palabra, temos que ter en conta o que queremos para a agricultura e para o rural do futuro, e este proxecto supón unha abstracción de pensamento que é difícil de explicar no día a día, no debate cotiá; e ademais non se pode facer ao xeito que agora se leva: a propaganda, o que significa que este tema será menos atractivo e menos vistoso para a base social que as proclamacións grandilocuentes e propagandísticas do sistema económico e os seus aliados.

É importante ter en conta que a demanda "sindical" de unha parte do sector é máis unha demanda de tipo "asociación profesional" que de unha organización sindical propiamente dita, por eso aparecen a cotío este tipo de organizacións. Para o SLG a importancia do sector vai máis alá do mero feito productivo, así impórtannos máis as persoas e o seu entorno que os propios sistemas productivos, porque sabemos que estes sen aqueles non serven para nada; nós necesitamos un sector que artelle o medio rural, que xere riqueza que serva para garantir calidade de vida ás persoas, e en definitiva para viabilizar un país; e non un sector productivo para que catro enchan a andorga e o resto que se vaia para Canarias.

Cando o Sindicato Labrego perdeu peso no sector, non foi debido a que non fixéramos os deberes, senón ao cambio de pensamento e de obxectivos de moitas e moitos gandeiros para a súa explotación, e son os mesmos os motivos de que sigan sen facernos caso porque non nos amosamos dispostos a loitar para acadar os obxectivos que eles e elas teñen para as súas explotacións. Esta é unha situación que se vai seguir dando, o que non significa que debamos renunciar a este debate que xa valoramos difícil.

Se afirmamos que hai que garantir o futuro para todas as explotacións que queiran seguir, non podemos darlle a razón a quen pensa que so deben permanecer uns cantos elixidos/as que como teñen máis iluminación serven, e que o resto debe desaparecer para que eles ou elas acaden os seus obxectivos. O que pasa é que este é un enfrontamento total á ideoloxía neoliberal, e polo tanto será condenado desde todos os estamentos, aínda que explicitamente se diga o contrario, pero é a única maneira de manter un futuro para o sector lácteo.

Se pola contra, a que trunfa é a outra postura (a de so uns poucos), teremos a desfeita do sector como vertebrador e revalorizador dos recursos do País, para se converter no sector productivo de enclave que falabamos antes, teremos menos riqueza social, e terras contaminadas en paga de productivas.

Non obstante esto non significa que as granxas que optaron pola vía paraindustrial sobren ou teñan que desaparecer, ao contrario, a nosa estratexia debe tentar volver en convertelas en granxas sustentables, independentemente da súa dimensión, e esto significa manter o debate do modelo vivo, tentar buscar todo tipo de aliados para este debate, e tentar ir influíndo para política e regulamentariamente se vaian facilitando cousas para que o noso modelo prospere. Xa se manifestou que este é un proceso lento e difícil pero imprescindible para a permanencia do sector leiteiro que coñecemos.

Tamén é importante romper coa idea de que as granxas grandes son máis intensivas que as pequenas, xa que esto é totalmente falso. Temos en Galiza un gran número de explotacións que non son grandes e están totalmente intensificadas, e ás veces son moi pequenas.

4. AS NOSAS REIVINDICACIÓNS, O NOSO MODELO DE FUTURO.

■A primeira máxima está clara, permitir a viabilidade de todas as explotacións que queiran seguir producindo leite, e establecer mecanismos para que poidan seguir facéndoo, e que poidan ter opción a establecer sistemas produtivos extensivos, e que estes ademais resulten atractivos. Para eso necesítase influír nos seguintes aspectos:

1. Cambiar o actual sistema de xestión de cotas. O plan lácteo 2005 foi un avance importante neste sentido, aínda que neste momento esas expectativas estean totalmente truncadas. Foi un avance sobre todo porque eliminou o mercado libre de cotas e fixo reflexionar ao sector, máis que polo que conseguiu aportar co reparto, sen quererlle quitar importancia a este.

O sistema de xestión debe estar baseado na recuperación de cota abandonada por parte da reserva nacional para distribuír, de xeito gratuíto nas explotacións, priorizando nas que corran perigo de pechar por non acadar mínimos de renda. Este sería un sistema sinxelo e efectivo, e para poñelo en práctica so se necesita coraxe política.

2. Deixar de primar o peche de explotacións e facelo menos atractivo que seguir adiante coa actividade, tanto psicoloxicamente como economicamente. Esto significa limitar os abandonos ás explotacións que realmente non poidan seguir por circunstancias económicas ou persoais, e limitar os ceses a estas e ás que vaian incorporar mozos ou mozas.

3. Establecer sistemas de garantía de prezos que cubran os custos de producción e sexan capaces de xerar un salario decente para os traballadores e traballadoras das explotacións. O prezo final do leite debe ser capaz de xerar un salario decente para os traballadores e traballadoras das explotacións, se esto non é así non pararán de pechar explotacións. O prezo é entón determinante á hora de garantir o salario e o futuro das explotacións, e debe ser o freo ao crecemento sen límites no que están inmersas moitas granxas para lograr permanecer no sector productivo.

■Aparte destes elemento básicos para manter o sector que temos, se queremos que este se estabilice e sexa duradeiro no tempo é preciso prantexarnos outra serie de necesidades:

1. Se o principal inimigo da producción de leite en Galiza é a intensificación que sufriu nos últimos tempos, deberíamos traballar no sentido de investir esta tendencia facendo valer como argumento básico que para quitar mais rendibilidade do proceso productivo é preciso utilizar os medios de producción que nos son máis asequibeis e que podemos producir nós, e para eso é preciso actuar a dous niveis:

a) No prezo, no sentido que antes se relataba.

b) Na posibilidade de acceso e de incremento de base territorial, xa que esta é unha das grandes eivas da maioría das explotacións e unha das súas grandes limitacións para a gandería extensiva. Non obstante podemos agardar cambios importantes nun futuro próximo, en canto á mobilidade das terras, dende un punto de vista institucional, pero teremos que actuar incidindo no debate de que o acceso á terra é algo fundamental para o futuro, senón perderemos o debate da extensificación debido á idea que antes se dicía de que moita xente do sector pensa que o mellor é a producción intensiva porque da menos traballo.

2. O outro problema é o do traballo. Mentres a única opción de levar unha explotación sexa ter que traballar nela todos os días do ano, (e por riba con pouco salario, como dicíamos), as persoas buscarán outras vías laborais. É importante considerar o ocio como algo fundamental, unha necesidade básica da persoa, e adaptar as circunstancias dos sistemas produtivos a esta necesidade. Aparte das posibilidades asociativas que existen neste momento, hai que buscar outras vías parra que esto sexa posible. Por outro lado, o extradimensionamento de moitas explotacións disparou as necesidades de traballo da explotación ata o punto de que a man de obra familiar non abondaría, en condicións normais de traballo, e tampouco permite a renda que producen contratar man de obra asalariada; esto solventase con excesivas horas de traballo, o que non pode perdurar no tempo, podendo, incluso, inviabilizar a explotación.

3. Noutra orde de cousas, e partindo do principio de que o máis importante para manter sector, son as persoas que traballan nel, por enriba dos sectores productivos; debemos tamén desterrar a idea de un único modelo de explotación que so produce leite, xa que esto nin é real, nin se debe converter no futuro nunha realidade. Polo tanto debemos admitir e defender a súa permanencia e a súa viabilidade de, cando menos, tres tipos de explotacións diferentes, dende o punto de vista da súa relación coa economía familiar:

a) Explotacións cuxa renda familiar depende única e exclusivamente da producción de leite, é dicir, granxas especializadas.

b) Explotacións onde a producción de leite é un complemento de outras actividades gandeiras ou agrícolas, pero posiblemente un complemento definitivo para garantir a renda final, son explotacións con producións diversificadas, son importantes e existen en cantidade considerable.

c) Explotacións como complemento de renda familiar, onde hai membros da familia que traballan na explotación e outros que teñen outros empregos fora dela.

Todas elas son importantes, e esto significa desterrar do noso pensamento que explotacións con moi pouca cota non teñan outra alternativa que desaparecer, ao contrario, son importantes dende o punto de vista productivo, e moito máis dende o punto de vista social, xa que permiten vivir a moitas familias, polo tanto para o SLG, todas son igual de defendíbeis estratexicamente.

5. OS NOVOS ESCENARIOS

É máis que posible que o neoliberalismo sega incidindo nas políticas agrarias da UE, e que paulatinamente esteamos camiñando cara unha situación de total liberalización das producións, e na producción de leite non ha de ser menos, polo que é importante figurarnos un escenario de producción libre ou un tránsito cara ela, sen axudas ou con elas moi limitadas e coa competencia crúa de prezo no mercado. Non cabe dúbida de esta é unha situación non desexable por complicada e difícil, pero é máis que posible. Os anuncios feitos de desaparición do sistema de cotas para 2013, e do proceso para acadar isto a partir de 2008, forman parte do camiño para chegar ao liberalismo total. Isto significa que no futuro inmediato teremos que defender sistemas de control da produción que impidan que o exceso de oferta provoque caídas nos prezos. Non obstante cumprirá ter presente que ningún sistema se vai prestar tan ben para eliminar explotacións como se prestou o sistema español de xestión de cota. Teremos que pelexar polo tanto por que exista un sistema de control da produción, que teña unha xestión xusta e non discriminatoria de explotacións, ou, en todo caso que faga unha discriminación positiva das producións menos intensivas ou non industriais.

Esta situación figurada é un escenario deseñado para a producción industrial, e, aínda que aquí, con toda a intensificación que temos, quédanos lonxe, tamén pode ser posible, se renunciamos a seguir loitando polo xeito de producir que queremos. Neste mundo de agronegocios, as explotacións de Galiza nada pintaríamos.

O camiño da extensificación perfílase entón como a ruta con mais futuro en calquera das situacións dende o punto de vista do manexo e economicamente o camiño de maximizar marxes por litro producido en lugar do incremento sistemático da producción.

Agora a cuestión é conseguir que estas metas se convertan nos obxectivos do conxunto do sector, e este deberá ser o noso principal horizonte non próximos tempos.



REGULAMENTO DO CONGRESO SECTORIAL DE VACÚN DE CARNE DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Artigo 1.- O presente regulamento establece as normas de funcionamento do Congreso Sectorial de Vacún de Leite do Sindicato Labrego Galego que se celebrará o 17 de Marzo de 2007 en Vilalba - Comarca da Terra Cha, ás 11:00 h da mañá.

Artigo 2.- Poderán participar no período precongresual e asistir ao congreso, con voz e voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector que teñan as súas cotizacións ao día.

Artigo 3.- APROBACIÓN DAS PONENCIAS POLA COMISIÓN EXECUTIVA.- A Comisión Executiva dará a súa aprobación ou modificará, segundo os casos, os borradores de ponencias.

Artigo 4.- DEBATE NA AFILIACIÓN.

1.- Unha vez aprobados os proxectos de ponencias, estes serán remitidos aos locais antes do 10 de febreiro para a súa distribución entre toda a afiliación.

2.- A Comisión Executiva aprobou o calendario para a celebración das Asembleas Comarcais do Sector para debater as ponencias e nomear os/as representantes que correspondan para a Dirección Nacional do Sector. O calendario é o seguinte.

- Do 12 de febreiro ao 24 de febreiro, comunicación ao Secretario de Sectores Gandeiros a planificación das Asembleas Comarcais de Sector.

- Do 26 de febreiro ao 14 de marzo celebraranse as Asembleas Comarcais de Sector.

- O 17 de marzo de 2007 celebrarase en Vilalba o Congreso Sectorial de Vacún de Leite do SLG.

3.- O criterio de asignación de representantes por cada comarca para a Dirección Nacional do Leite será o seguinte:

a) As comarcas constituídas, elixirán dúas persoas para a Dirección Sectorial.

b) Aquelas comarcas que superen os/as 100 afiliados/as no sector, poderán elixir un ou unha representante a maiores.

c) Para facilitar a asistencia ás reunións, deberase elixir un ou unha suplente para cada titular da Dirección de Sector.

Artigo 5.- ASEMBLEAS COMARCAIS.

1.- As Asembleas comarcais celebraranse entre o 26 de febreiro e o 14 de marzo, segundo o calendario fixado pola Comisión Executiva na súa reunión do 20 de decembro de 2006. Poderán asistir, con voz e con voto, tódolos afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego pertencentes ao sector que teñan as cotas ao día.

2.- Tódolos afiliados e afiliadas poderán presentar emendas ás ponencias que se debatan. As emendas serán presentadas por escrito, e pasarán para o seu debate no Congreso Nacional do Sector, aquelas emendas que acaden, alomenos, o 30% dos votos dos/das presentes. Todas as emendas serán debatidas no Congreso Sectorial.

3.- As emendas que pasen para o debate no Congreso de Sector, teñen que ser pasadas por escrito antes do día 15 de marzo ao Secretario de Sectores Gandeiros do Sindicato Labrego Galego, e debe figurar o/a afiliado/a que vai defender cada emenda.

4.- Rematado o debate das ponencias procederase á elección dos/as representantes da comarca para a Dirección Nacional de sector segundo o anexo que se achega. Serán elixidos ou elixidas polo procedemento de listas abertas, resultando elixidas as persoas que teñan maior número de votos.

5.- De cara a contribuír a aumentar a presencia das afiliadas nos organismos de dirección do Sindicato Labrego, a Dirección Nacional recomenda que se teña como criterio a introdución das compañeiras na Dirección de Sector e que, alomenos unha das persoas elixidas sexa muller.

Artigo 6.- O PLENO DO CONGRESO NACIONAL DO SECTOR DO LEITE.

1.- O pleno do Congreso Nacional celebrarase o día 17 de marzo de 2006 en Vilalba (Comarca da Terra Cha) ás 11:00h da mañá.

2.- O Pleno estará presidido por unha Mesa que será elixida na sesión previa. A Mesa estará formada por un Presidente ou unha Presidenta, que dirixirá os debates; un Vicepresidente ou unha Vicepresidenta; un Secretario ou unha Secretaria, que levantará acta da reunión; e dous ou dúas vocais. A Mesa Presidencial, por maioría, resolverá as controversias que puideran darse na interpretación do presente regulamento.

3.- Unha vez elixida a Mesa Presidencial do Congreso someterase a aprobación, a orde do día da sesión e o regulamento, dándose inicio aos traballos.

4.- Tódalas persoas que defendan emendas terán unha quenda a favor e tres minutos para defender a súa emenda no Pleno. A continuación, intervirá a persoa designada pola Dirección de Sector para defender a ponencia oficial, podendo concederse unha nova quenda de réplica para fixar posicións. A Mesa do Congreso ten competencia para acurtar os tempos de intervención coa fin de axustarse ao horario establecido na orde do día.

5.- A emendas "in voce" só poderán ser aceptadas cando sexan proposta de síntese e así o decida a Mesa Presidencial por maioría.

6.- Unha vez rematado o debate de cada emenda procederase á súa votación, que para ser aprobada requirirá maioría simple.

7.- Cando remate o debate de tódalas emendas procederase á votación final conxunta sobre a totalidade da ponencia. Para ser aprobada, requirirá maioría cualificada.

8.- Ao rematar o proceso, a Dirección de Sector electa procederá á elección de entre os/as seus/súas membros, do/a representante de sector para a Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, que á súa vez exercerá como Responsábel do Sector de Vacún de Leite do SLG.

Anexo informativo para a elección dos/as membros da dirección de sector.

- **Bergantiños:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Ordes:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Ferrolterra:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Eume:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Betanzos:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Teixeiro:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Melide:** 2 representantes máis 3 suplentes.
- **Arzúa:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Fisterra:** 2 representantes máis 2 representantes.
- **Xallas:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **A Mahía - Rías:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Terras de Compostela:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **A Mariña:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Terra Cha - Vilalba:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Terra Cha - Meira:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Lugo Centro:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **A Ulloa:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Sarria:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Chantada - Monforte:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Ourense:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Deza:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Tabeiros - Terra de Montes:** 3 representantes máis 3 suplentes.

RELATORIO DO CONGRESO SECTORIAL DA PATACA DO SINDICATO LABREGO GALEGO

1.- INTRODUCCIÓN

A pataca en Galiza ten importantes posibilidades, debido á súa importancia económica e cultural; con elevadas capacidades para a producción tradicional, ecolóxica e intensiva, con castes autóctonas de calidade como a cazona, ganade e fina de Carballo, nas que é preciso seguir traballando, tanto en relación coa súa mellora como no tocante á promoción.

A pataca é un cultivo de gran tradición e cultura, por este motivo é fundamental que dende a Administración se lles transmita ás novas xeracións do presente e do futuro a cultura da calidade no seu consumo, fronte ao emprego de patacas foráneas con pésimas propiedades que se están a introducir cada vez máis no mercado.. A diferencia cos viños, a poboación galega do rural ou da cidade con antecedentes no rural ten perfectamente gravados os parámetros de calidade da pataca. Os mozos e as mozas están a perder estas referencias, polo que resulta fundamental a promoción da pataca como parte da nosa cultura. A pataca segue a ser o cultivo da nosa historia mais estendido hoxe en día no agro.

O mercado da pataca caracterízase pola súa forte inestabilidade, tanto a nivel estatal como comunitario, e rexistra desaxustes da oferta e da demanda que se producen de xeito periódico.

Durante as últimas campañas estamos asistindo a unha situación caracterizada por dificultades na comercialización do producto nacional a pesar da diminución da producción no estado español e na UE, un aumento das importacións de pataca, sobre todo procedente de Francia, a diminución do consumo e o aumento do valor gastado na súa compra.

O obxectivo do presente documento é expor a situación do sector productor, describindo os factores que o caracterizan, así como propoñer as actuacións que cremos que as administracións deberán establecer para lograr paliar na medida do posible a grave situación que están atravesando os labregos e labregas que cultivan pataca.

A continuación expóñense datos de superficie, producción, comercio exterior e prezos coa finalidade de evidenciar a situación pola que atravesa o sector.

Posteriormente descríbense os obxectivos e as medidas que, dende o noso punto de vista, cumpriría acometer.

2.- SUPERFICIE E PRODUCIÓN DE PATACA DE CONSUMO.

Podemos distinguir diferentes comarcas na Galiza nas que a producción de pataca ten unha importancia fundamental: A Limia, a zona de Bergantiños, a Terra Cha, Betanzos, Sur de Lugo, A Mariña... Como actividade principal ou como complemento a outras producciónss agrícolas e gandeiras, o cultivo de patacas ten aínda hoxe unha gran trascendencia en moitos lugares.

Atopámonos con un sector heteroxéneo con realidades tamén diversas:

- Zonas dedicadas principalmente á producción de pataca para a industria, tendo a pataca case como cultivo exclusivo, ou con algunha rotación con cereal. Caracterízase normalmente polo emprego de variedades moi productivas, extensións moi importantes, grandes producciónss a baixo prezo, destinadas en gran medida á industria do frito.
- Zonas nas que a pataca é raramente o único cultivo, senón que constitúe normalmente un complemento máis dentro dunha explotación hortícola ou gandeira; extensións máis reducidas, con variedades que teñen producciónss máis baixas, máis valoradas polos consumidores e polas consumidoras, razón pola que normalmente atinxen mellores prezos. A relación cos consumidores e coas consumidoras é normalmente máis directa (tendas pequenas, restaurantes, particulares...); o que redunda tamén na consecución de mellores prezos.

A producción de pataca sufriu unha evolución claramente descendente nos últimos quince años, de xeito que dende 1990 ata 2004 produciuse un descenso de máis do 67%.

En volume, a primeira comunidade autónoma productora no Estado de pataca é Castela-León, que representa un 31,8 % da producción total seguida de Galiza (18,1 %) e Andalucía (17,3 %). A primeira comunidade autónoma productora de pataca extratemperá é Andalucía, que representa máis do 50% da producción total do estado de pataca extratemperá, seguida das Illas Canarias co 35%. Os principais territorios produtores de pataca do cedo son Andalucía, Comunidade Valenciá e Canarias. En pataca de media estación, os primeiros postos ocúpanos Castela-León e Galiza, que tamén é a principal productora de pataca serodia.

En Galiza, segundo as comarcas, temos zonas máis dedicadas á producción de pataca de cedo (normalmente as máis costeiras) e outras (normalmente de interior) máis dedicadas á producción de pataca de media estación e pataca serodia.

O estado español é deficitario en patacas. Se analizamos os datos do Anuario de Estatística Agraria do MAPA do ano 1999 o emprego do estado español de pataca ascende a case 3,9 millóns de toneladas mentres que o consumo aparente é de case 3,5 millóns de toneladas. Polo tanto, neste sector existe un desequilibrio entre oferta e demanda. Impórtanse arredor das 600.000 tm. de pataca todos os anos. A producción a nivel estatal está diminuíndo.

3.- SITUACIÓN DO CONSUMO DE PATACA.

Constátase unha predisposición positiva dos consumidores e das consumidoras de Galiza de cara ao consumo de patacas dos labregos e das labregas da comarca, o que significa nalgunhas ocasións vantaxes comparativas fronte a patacas de outras procedencias. A identificación con determinados parámetros de calidade están normalmente detrás da sona que lle outorgan a vantaxe comparativa a estas producciónss, polo que cómpre potenciar e promover estas condicións.

No estado español consumiuse no 2004 a cantidade de 1.656 millóns de quilogramos de patacas, o que representa un 7% menos ca no 1998. Dende este ano, estase a rexistrar unha diminución do consumo de patacas frescas, fronte a un aumento do consumo das patacas conxeladas e procesadas. Aínda así, o valor absoluto de patacas conxeladas e procesadas non é moi importante en comparación co valor total.

Si se analiza o consumo per cápita a diminución é maior que a cantidade total consumida. No 2004 consumiuse no estado español 39,2 quilos per cápita, o que representa un 12,25% menos ca en 1998. Constátase a mesma tendencia apuntada anteriormente de diminución do consumo de patacas frescas e aumento de patacas conxeladas e procesadas.

En canto ao valor gastado polos consumidores e consumidoras na compra de patacas, prodúcese un aumento deste valor nun 25%, tanto frescas como conxeladas e procesadas.

Polo tanto, a cantidade de diñeiro que teñen que desembolsar os consumidores e as consumidoras para mercar menos quilos de pataca é maior. Hai un menor consumo de patacas, e os ingresos que reciben os labregos e as labregas son inferiores.

4.- ESTUDO DOS PREZOS DE PATACA DE CONSUMO.

O sector da pataca sempre se caracterizou pola inestabilidade dos prezos que perciben os labregos e as labregas. Anos nos que os ingresos eran relativamente aceptables alternábanse con campañas nos que os prezos non chegaban nin para cubrir os custos de producción.

Nembargante, nos últimos anos esta situación cambiou. O sector productor está inmerso dende hai tempo nunha grave crise caracterizada polo desequilibrio entre a

oferta e a demanda, causada fundamentalmente pola chegada dunha gran cantidade de pataca foránea, con unha situación permanente de prezos baixos. Estes prexuízos agrávanse polas crecentes dificultades para comercializar o producto. Todos os anos bátese un novo máximo de importacións e diminúese o cultivo estatal, producíndose asemade un aumento do valor gastado polos consumidores e consumidoras para mercar patacas, que non se reflicte nos prezos percibidos polos productores e polas produtoras.

Ademais, a pouca transparencia na cadea de distribución fai que sexa necesario analizar o proceso de comercialización das patacas e estudiar os factores que provocan a composición do prezo que cada elo da cadea incorpora ao producto.

Por iso, o estudio da formación do prezo no sector da pataca e o establecemento de medidas en consecuencia, que melloren a situación dos productores e das produtoras ante o resto dos operadores, é fundamental para mellorar a súa posición competitiva.

Por exemplo, na Limia a pataca é recollida polo almacenista ou outro operador en orixe, que fai a primeira posta do producto no mercado. Este operador incorpora unha serie de custos de xestión, manipulación, clasificación, calibrado e expedición, enviándolle o producto ao operador en destino, que comercializa a pataca na gran distribución ou ben a tendas tradicionais . O segundo intermediario incorpora unha serie de custos engadidos en función do destino do producto e da variedade. Segundo os datos recollidos, a incidencia do prezo do provedor (almacenista) con respecto ao prezo de venda ao público que establece a gran distribución é do 50% e do 65,63%, no caso de pataca de "alta gama" e pataca "común" respectivamente. Neste estadio o producto xa incorpora a práctica totalidade dos custos de producción e comercialización. É dicir, case a metade do prezo de venda ao público da pataca corresponde a cuestións alleas á súa producción e comercialización.

Estas porcentaxes aumentan considerablemente se consideramos a incidencia do prezo en orixe con respecto ao prezo ao que vende a distribución alimentaria. Hai unha concentración crecente do valor económico na distribución fronte a produción e elaboración, o que é unha das principais características do capitalismo monopolístico e das políticas promovidas pola Organización Mundial do Comercio, ao servicio das grandes empresas multinacionais.

Os prezos pagados aos labregos e ás labregas en moitas ocasións non cobren nin os gastos realizados, e menos salarios dignos para o traballo desenvolvido. Sen embargo, a gran distribución manexa marxes escandalosas, que serven para engrosar as enormes contas de beneficios que teñen cada ano.

Eses prezos baixos empréganse despois como referencia en todas as compras de patacas que se realizan nas outras comarcas galegas. En moitas ocasións, non se cobren os custos de producción e, ano tras ano, destrúense os postos de traballo de máis labregos e labregas.

5.- CONTEXTO INTERNACIONAL E IMPORTACIÓNS.

Dende a creación en decembro de 1994 da Organización Mundial do Comercio, producíronse toda unha serie de acordos encamiñados a liberalizar o comercio internacional que se traduciron na agricultura nunha caída constante dos prezos. Decisións como a diminución dun 36% dos aranceis das aduanas acordada no 1995 ou a obriga de importar de países terceiros o 5% do consumo interno, aínda que no país en cuestión haxa excedentes dese producto, están a servir para que as grandes distribuidoras multinacionais consigan materias primas a baixo custo, podan entrar nos mercados de todo o mundo, afundan os prezos dos productos agrícolas e arrasen cos postos de traballo de miles de labregos e labregas.

Na pataca é evidente toda esta dinámica de baixada de prezos así como as tentativas das grandes empresas de controlar totalmente o mercado, marcando prezos por debaixo dos custos de producción. Se analizamos as importacións de pataca segundo os países de procedencia observamos que máis do 70% de todas as importacións que realiza o estado español proceden de Francia, porcentaxe que en 1994 representaba o 43%. Coa entrada na CEE Francia converteuse no primeiro provedor de pataca á vez que se implantaban as grandes cadeas de distribución (Carrefour, Alcampo, Champion, Dia, etc..),. A proximidade xeográfica, a rendibilidade na loxística e as grandes cadeas de distribución francesas presentes en todo o estado, son as principais causas deste "monopolio" na importación de pataca, sobre todo de orixe francesa.

Nos últimos anos constátase un incremento das importacións de pataca de cedo de países como Israel e Marrocos, que xunto con Exipto son os principais provedores de pataca temperá da UE.

O maior número de importacións faise en patacas de media estación e serodia; fundamentalmente nos meses de novembro a abril, malia a que cada vez cobran máis importancia as importacións de pataca de cedo durante os meses de abril, maio e xuño. Segundo a análise destes datos, cada vez son máis os operadores franceses que comercializan pataca durante a maior parte do ano, conservando e almacenando o seu producto máis tempo; o que ocasiona unha maior competencia para a pataca de cedo.

O mercado de Portugal é abastecido principalmente por pataca de Castela-León e Galiza, que se adapta aos gustos deste país (variedades vermellas como Desiree para consumo en fresco, e variedades como Agria para industria do frito). Aínda que o estado español é o primeiro país provedor de pataca en Portugal, constátase cómo nas últimas campañas Francia aumentou considerablemente os seus envíos a este país; aproveitando as "redes comerciais" coas que conta no estado español, ata o punto que case exporta as mesmas cantidades de pataca ca o estado español.

6.- CONCLUSIÓNS.

■Os productores e as productoras de pataca están a padecer as consecuencias das políticas marcadas pola Organización Mundial do Comercio destinadas a afundir os prezos e proporcionar materias primas a baixo custo, para que as empresas distribuidoras teñan cada vez máis beneficios. Cada ano son maiores as importacións de pataca e as dificultades da pataca galega para acceder aos mercados.

■O estado español importa anualmente máis de 700.000 tm. de pataca de consumo, das que máis do 70% proceden de Francia. A evolución das importacións de pataca de Francia é ascendente.

■O producto francés está pechando o ciclo con subministros durante todo o ano. Isto está afectando á pataca do cedo e á producción de media estación, que teñen que competir cada ano máis precozmente coas importacións francesas.

■Constátase un progresivo incremento nas importacións de pataca do cedo de Israel e Exipto.

■Constátase o enorme déficit da balanza comercial do estado español neste sector e sobre todo en Galiza, como consumidora neta deste cultivo.

■Á parte de Galiza, Portugal é o principal mercado da pataca de consumo, malia que Francia está aumentando a súa cota de mercado neste país, aproveitando as redes comerciais implantadas no estado español.

■Tanto a pataca de consumo como a pataca para a industria están pasando por unha grave crise nos derradeiros anos, caracterizada por unha situación continuada de baixos prezos, que en moitos casos non chegan a cubrir os custos de producción.

■Galiza é unha consumidora moi importante de patacas e os consumidores e consumidoras galegos valoran positivamente a adquisición de patacas das súas comarcas.

■As producións de pataca que os consumidores e as consumidoras identifican con criterios de calidade, así como os circuítos máis curtos (tendas, restaurantes, particu-

lares...) nos que os productores e produtoras teñen máis control, son nos que normalmente se atinxen mellores prezos.

■A superficie e producción están sufrindo un continuado descenso, de máis do 65% e 40% respectivamente nos últimos 10 anos.

■A producción de pataca de media estación representa case o 50% del total, seguida da pataca serodia e do cedo co 31% e 17% respectivamente. A producción de pataca extratemperá representa o 3% do total.

■A tendencia constata que a produción de pataca de media estación diminúe en relación coa pataca total, e a serodia e do cedo aumentan.

■En xeral, o cultivo da pataca ten un carácter marcadamente esporádico, influenciado pola evolución doutros cultivos alternativos, entre outros factores.

■O consumo de pataca está sufrindo un continuado descenso (máis do 7% nos últimos 7 anos), aínda que o valor gastado polos consumidores e consumidoras na compra de pataca aumenta (en máis do 25% nos últimos 7 anos). É dicir, cada vez menos patacas custan máis e nembargante os prezos que reciben os labregos e as labregas son menores.

■Constátase unha diminución do consumo de pataca fresca e un aumento da pataca conxelada e procesada. Nembargante, a pataca fresca supón máis do 90% da pataca total que se consome.

■Hai unha dependencia absoluta da pataca de sementeira importación, o que orixina un incremento importantísimo dos custos de producción. Hai un importante déficit na investigación e no desenvolvemento de proxectos para a producción de pataca de sementeira, con boa adaptación ás condicións climáticas das comarcas galegas produtoras de pataca e que constitúan unha boa alternativa para a comercialización.

■As importacións (principalmente de Holanda e de Francia) supoñen máis do 70% da pataca de sementeira certificada, e supoñen unha introducción cada vez maior de problemas sanitarios (nemátodos, sarnas...). As grandes transnacionais están a introducir novas castes, patentadas por estas empresas, creando sistemas de dependencia absoluta dos labregos e das labregas, e simultaneamente estase a producir a dexeneración das castes universais de sempre, como a kennebec.

■As empresas comercializadoras de pataca de sementeira de importación exercen como auténticos monopolios (condicionando a compra da producción a adquisición previa da semente ao almacenista, con elevadas esixencias en materia de subministro, ausencia de responsabilidades no caso de entregas infectadas, etc.) . Actualmente é case imposible para os productores e as productoras, así como para as cooperativas de pataca de consumo adquirir pataca de sementeira fóra destes circuítos.

■Os custos que soporta a gran distribución non xustifican as enormes marxes aplicadas nas patacas sobre os prezos de venda ao público. Trátase de marxes abusivas, que supoñen en moitas ocasións máis do 50% do prezo final da pataca.

■Máis da metade do prezo de venda ao público da pataca corresponde a cuestións alleas á materia prima, aos custos de cultivo e de comercialización.

7.- PROPOSTAS DO SINDICATO LABREGO GALEGO.

■É fundamental a defensa da Soberanía Alimentaria como o dereito dos pobos de poder decidir a política agraria en función das necesidades alimentarias, como alternativa a políticas como a da Organización Mundial do Comercio que teñen como fin que as grandes empresas transnacionais poidan dispor de materias primas, neste caso patacas, por debaixo dos custos de produción de cara a obter cada vez máis beneficios; adoptando medidas para facilitar cada vez máis a entrada de productos de importación e destruíndo os prezos.

■O Sindicato Labrego Galego loitará por uns prezos que cubran os custos de produción das patacas e aseguren uns salarios dignos para os agricultores e as agricultoras.

■Cómpre establecer contratos homologados plurianuais entre os productores e productoras e almacenistas, de xeito que se consiga maior estabilidade e seguridade a medio prazo. Os contratos en todo caso non deben realizarse só con prezos que cubran os custos realizados, senón que deben garantir salarios dignos.

■Débense investigar e controlar os marxes comerciais abusivas do sector da distribución, establecendo medidas sancionadoras.

■Cómpre loitar contra os intentos de integración que está a levar adiante a industria: obrigando aos labregos e labregas a adquirirlles as sementes, a comprarlles os demais insumos e logo a venderlles a produción de patacas por un prezo marcado unilateralmente.

■As pequenas tendas, a restauración e a venda directa a consumidores e consumidoras constitúen un nicho de mercado no que os labregos e as labregas sacan maiores prezos polas patacas producidas. Por este motivo, cumpriría unha estratexia para a defensa do pequeno comercio e para potenciar a presencia da pataca galega nestes mercados.

■As grandes superficies deberían comprometerse a adquirir patacas e outros productos agrícolas galegos, e non contribuír a impedir o acceso dos productos labregos e labregas ao mercado, producindo a perda de gran número de postos de traballo en Galiza.

■Sería importante desenvolver un programa de promoción das patacas de calidade de Galiza para atinxir unha boa introducción no mercado. Unha acción, por exemplo, sería promover as patacas galegas dende a cociña galega de prestixio.

■A primeira prioridade é abastecer o consumo de pataca en Galiza, aproveitando a vantaxe comparativa dos consumidores e consumidoras galegas que prefiren adquirir pataca de calidade das súas comarcas.

■A identificación e a diferenciación con parámetros de calidade semellan unha das alternativas para conseguir mellores posicións no mercado. Por isto, cómpre un apoio moi forte á identificación e a consecución de pataca de calidade, alimento que debe obter unha remuneración xusta para que a xente que traballa con calidade vexa recompensado o seu traballo. É necesario tamén un importante apoio á agricultura ecolóxica, para que sexa unha alternativa viable e atractiva.

■A Administración debe acometer un proxecto de recuperación e mellora de variedades de pataca autóctonas, con boa adaptación ás condicións climáticas galegas e con boas características para o consumo.

■A consecución de semente de calidade galega debe ser outra das prioridades, co fin de reducir os custos que teñen actualmente os labregos e labregas debido á obrigatoriedade de importar a semente e evitar así a introducción de problemas sanitarios, tal e como está a acontecer na actualidade.

■Hai unha forte necesidade de que os programas de investigación respondan ás necesidades dos productores e productoras de pataca de Galiza: producción de semente, maquinaria...

■Deben establecerse claramente as responsabilidades dos almacenistas pola venda de semente que non estea en condicións. Actualmente hai semente que contamina o chan durante varios anos, causa unha merma moi importante na producción, introduce graves problemas sanitarios...; sen que se asuma ningunha responsabilidade por parte de quen a vende.

■É importante reducir os custos de produción mellorando as infraestructuras das

comarcas, como, por exemplo, co establecemento de novos regadíos sociais na comarca da Limia...

■A Administración debería acometer medidas de apoio a estructuras dos labregos e das labregas para a comercialización e mesmo apoiar industria de transformación propia galega. Se este apoio se fai a cooperativas ou outras estructuras, en todo caso a axuda debe ser condicionada a que comercialicen patacas producidas polos socios e polas socias, e se compran algo fóra, que sexa dentro da comarca.

■Outra estratexia necesaria é camiñar cara a diversificar a producción coa introducción de novos cultivos, que eviten os problemas actuais das zonas con monocultivos e aproveiten mellor as posibilidades do territorio, buscando asemade novas canles de comercialización.

■Débense eliminar as prácticas fraudulentas dos intermediarios: etiquetar patacas foráneas de baixa calidade como pataca galega, empregar etiquetas equívocas que transmitan que se trata de producto galego de calidade cando nin é galego nin é de calidade, destacados en letra grande de envasados, por exemplo, na Limia e en letra pequena que está producido noutra orixe.

■Ante todas estas demandas e para estudiar a súa aplicación e execución consideramos necesario implantar unha sistemática de traballo e un foro estable de interlocución no que se formalicen reunións periódicas, entre as organizacións representativas do sector en cada un dos elos da cadea agroalimentaria (producción, transformación, comercialización, gran distribución e consumidores) e a Administración, co fin de definir unha estratexia de desenvolvemento do sector da pataca.



REGULAMENTO DO CONGRESO SECTORIAL DA PATACA DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Artigo 1.- O presente regulamento establece as normas de funcionamento do Congreso Sectorial da Pataca do Sindicato Labrego Galego que se celebrará o 31 de marzo de 2007 en Xinzo - Comarca da Limia, ás 11:00h da mañá.

Artigo 2.- Poderán participar no período precongresual e asistir ao congreso, con voz e voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector que teñan as súas cotizacións ao día.

Artigo 3.- APROBACIÓN DAS PONENCIAS POLA COMISIÓN EXECUTIVA.

A Comisión Executiva dará a súa aprobación ou modificará, segundo os casos, os borradores de ponencias.

Artigo 4.- DEBATE NA AFILIACIÓN.

1.- Unha vez aprobados os proxectos de ponencias, estes serán remitidos aos locais antes do 1 de marzo para a súa distribución entre toda a afiliación.

2.- A Comisión Executiva aprobou o calendario para a celebración das Asembleas Comarcais do Sector para debater as ponencias e nomear os/as representantes que correspondan para a Dirección Nacional do Sector. O calendario é o seguinte.

- Do 1 ao 5 de mazo, comunicación ao Secretario de Sectores Gandeiros a planificación das Asembleas Comarcais de Sector.

- Do 5 ao 22 de marzo, celebraranse as Asembleas Comarcais de Sector.

- O 31 de marzo de 2007 celebrarase en Xinzo o Congreso Sectorial da Pataca do SLG.

3.- O criterio de asignación de representantes por cada comarca para a Dirección Nacional da Pataca será o seguinte:

a) As comarcas constituídas, elixirán dúas persoas para a Dirección Sectorial.

b) Aquelas comarcas que superen os/as 25 afiliados/as no sector, poderán elixir un ou unha representante a maiores.

c) Para facilitar a asistencia ás reunións, deberase elixir un ou unha suplente para cada titular da Dirección de Sector.

Artigo 5.- ASEMBLEAS COMARCAIS.

1.- As Asembleas comarcais celebraranse entre o 5 e o 22 de marzo de 2007, segundo o calendario fixado pola Comisión Executiva na súa reunión do 20 de decembro de 2006. Poderán asistir, con voz e con voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector, que teñan as cotas ao día.

2.- Tódolos afiliados e afiliadas poderán presentar emendas ás ponencias que se debatan. As emendas serán presentadas por escrito, e pasarán para o seu debate no Congreso Nacional do Sector, aquelas emendas que acaden, alomenos, o 30% dos votos dos/das presentes. Todas as emendas serán debatidas no Congreso Sectorial.

3.- As emendas que pasen para o debate no Congreso de Sector, teñen que ser pasadas por escrito antes do día 27 de marzo ao Secretario de Sector, e debe figurar o/a afiliado/a que vai defender cada emenda.

4.- Rematado o debate das ponencias procederase á elección dos/as representantes da comarca para a Dirección Nacional de sector segundo o anexo que se achega. Serán elixidos ou elixidas polo procedemento de listas abertas, resultando elixidas as persoas que teñan maior número de votos.

5.- De cara a contribuír a aumentar a presencia das afiliadas nos organismos de dirección do Sindicato Labrego, a Dirección Nacional recomenda que se teña como criterio a introdución das compañeiras na Dirección de Sector e que, alomenos unha das persoas elixidas sexa muller.

Artigo 6.- O PLENO DO CONGRESO NACIONAL DO SECTOR DA PATACA.

1.- O pleno do Congreso Nacional celebrarase o día 31 de marzo de 2007 en Xinzo (Comarca da Limia) ás 11:00h da mañá.

2.- O Pleno estará presidido por unha Mesa que será elixida na sesión previa. A Mesa estará formada por un Presidente ou unha Presidenta, que dirixirá os debates; un Vicepresidente ou unha Vicepresidenta; un Secretario ou unha Secretaria, que levantará acta da reunión; e dous ou dúas vocais. A Mesa Presidencial, por maioría, resolverá as controversias que puideran darse na interpretación do presente regulamento.

3.- Unha vez elixida a Mesa Presidencial do Congreso someterase a aprobación, a orde do día da sesión e o regulamento, dándose inicio aos traballos.

4.- Tódalas persoas que defendan emendas terán unha quenda a favor e tres minutos para defender a súa emenda no Pleno. A continuación, intervirá a persoa designada pola Dirección de Sector para defender a ponencia oficial, podendo concederse unha nova quenda de réplica para fixar posicións. A Mesa do Congreso ten competencia para acurtar os tempos de intervención coa fin de axustarse ao horario establecido na orde do día.

5.- As emendas "in voce" só poderán ser aceptadas cando sexan proposta de síntese e así o decida a Mesa Presidencial por maioría.

6.- Unha vez rematado o debate de cada emenda procederase á súa votación, que para ser aprobada requirirá maioría simple.

7.- Cando remate o debate de tódalas emendas procederase á votación final conxunta sobre a totalidade da ponencia. Para ser aprobada, requirirá maioría cualificada.

8.- Ao rematar o proceso, a Dirección de Sector electa procederá á elección, de entre os/as seus/súas membros, do/a representante de sector para a Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, que á súa vez exercerá de Responsábel do Sector da Pataca do SLG.

Anexo informativo para a elección dos/as membros da dirección de sector.

■ **Terra Chá:** 2 representantes máis 2 suplentes.

■ **Bergantiños:** 2 representantes máis 2 suplentes.

■ **A Mariña:** 2 representantes máis 2 suplentes.

■ **Betanzos:** 2 representantes máis 2 suplentes.

■ **A Limia:** 3 representantes e 3 suplentes.

RELATORIO DO CONGRESO SECTORIAL DE OVINO E CABRÚN DO SINDICATO LABREGO GALEGO

1.- INTRODUCCIÓN.

1.1.- O Sector en Galiza. Perspectiva histórica.

Nos datos que manexamos obsérvase como o sector de ovino sufriu un importante incremento no numero de cabezas desde 1972 que se mantén de maneira xeneralizada ate o ano 1999, no que se acada un nivel preto ao 121 % do ano de referencia (Tomouse como referencia o ano 1989 por ser o ano mais próximo ao da integración de Galiza na Comunidade Económica Europea (CEE) do que temos datos. E canto menos parece unha referencia interesante a da data de integración no mercado común europeo). A partir desa data iniciouse un descenso do numero de cabezas. Os datos para o ano 2002 son os do 2001 porque nese ano non se fixo saneamento gandeiro, por mor do conflicto laboral que mantiveron os/as veterinarios/as campañistas coa daquela Consellería de Política Agroalimentaria.

Esa falta de datos impídenos facer unha avaliación correcta da situación xa que no ano 2001 quedaron explotacións sen sanear e polo tanto eses datos compre tomalos con cautela. Polo que se refire aos datos de 2003 (106,85%) apuntan a unha certa recuperación da cabana gandeira ou en todo caso, ao mantemento dunha tendencia que ven desde o ano 2000. Estes datos, sendo interesantes, compre relativizalos, por canto sería necesario contrastalos co de numero de explotacións deses períodos, e sobre todo cal é a súa estructura productiva.

Os cadros que acompañamos escenifican perfectamente cal foi a evolución dos sectores e ovino e cabrún en Galiza dende 1972 a actualidade. O primeiro que resulta evidente é que a evolución non foi paralela.

Así como na producción de ovino se da un efecto de incremento do numero de cabezas de maneira ininterrompida dende 1989 ate o 1999, a evolución do cabrún é moi distinta. Desde 1982 caeu o numero de cabezas de maneira constante e case ininterrompida por canto o numero de cabezas do ano 99 é do 88,73% da do 89, a do 2000 é do 72,68% e a do 2003 é do 68,57% das que había no período de referencia.

En todo caso sacamos destes datos dúas conclusións:

I- Unha certa estabilización no numero de cabezas de ovino cuns incrementos que teñen moito que ver co abandono que provocaron as sucesivas crises doutros sectores, nomeadamente o sector leiteiro.

II- Unha caída xeneralizada do numero de cabezas de cabrún que é outro síntoma mais do proceso de abandono das zonas de montaña do interior de Galiza.

(Ver táboas a continuación)

Ovino: Serie histórica.

Ano	Cabezas	Ev. 1989=100
1972	153.585	58,50
1982	217.508	82,71
1989	262.962	100,00
1995	280.806	106,78
1996	318.039	120,94
1997	299.648	113,95
1998	309.031	117,51
1999	358.292	136,25
2000	286.084	108,79
2001	242.432(*)	92,19
2002	242.432(*)	92,19
2003	281.008	106,85

Fonte: Campañas de saneamento gandeiro 1995-2003 e IGE

Cabrún: Serie histórica.

Ano	Cabezas	Ev. 1989=100
1972	42.267	69,82
1982	62.791	103,73
1989	60.533	100
1995	49.314	81,46
1996	58.340	96,37
1997	48.703	80,45
1998	48.335	79,84
1999	53.713	88,73
2000	44.000	72,68
2001	37.634 (*)	62,17
2002	37.634 (*)	62,17
2003	41.513	68,57

Fonte: Campañas de saneamento gandeiro 1995-2003 e IGE

1.2.- Estructura productiva das explotacións de ovino e cabrún

Os datos que acompañamos definen unha situación demoledora: O 76,68% das explotacións de ovino e o 86,61 das de cabrún teñen menos de 10 cabezas. O 20% das explotacións de ovino e o 11% das de cabrún teñen entre 10 e 49 animais e só o 3,18% das explotacións de ovino e o 2,22 das explotacións de cabrún teñen mais de 50 cabezas.

Porén, aínda así, vemos como o 65 % das cabezas de ovino e o 63,93% das de cabrún están en explotacións que teñen menos de 50 cabezas. Esto da unha idea da grande importancia que en termos sociais ten ese segmento do sector. Eses datos fan que fagamos as seguintes reflexións:

I- A inmensa maioría das explotacións de ovino e cabrún de Galiza son complementarias doutra actividade e/ou substitutivas do gando vacún para manter limpas as leiras.

II- Hai unha parte amplísima do sector pouco proclive a organizarse ou moito menos a asumir posicións reivindicativas por canto esta produción non constitúe a súa fonte fundamental de ingresos. Poren os problemas do sector tamén lles afectan a eles/as. É necesario ter moi presente esa realidade á hora de plantexar o traballo social no sector.

Explotacións de ovino en Galiza. Estrutura produtiva.

Cab./explot.	Explotacións	%	Cabezas	%
- 10	19.115	76,68 %	80.395	28,60
10-49	5.015	20,11	102.419	36,44
50-99	463	1,85	32.418	11,53
100-249	272	1,09	41.566	14,79
+ 249	62	0,24	24.210	8,61
Totais GALIZA	**24.927**		**281.008**	

Fonte: Campaña de saneamento gandeiro 2003. Consellería de medio rural.

1.3.- A incidencia das primas PAC na con- ta de resultados

Explotacións de cabrún en Galiza. Estrutura produtiva.

Cab/explot.	Explotacións	%	Cabezas	%
-10	4.903	86,61	14.300	34,47
10-49	627	11,07	12.245	29,46
50-99	73	1,24	5.125	12,34
100-249	49	0,83	6.520	15,70
+249	9	0,15	3.323	8,00
Totais GALIZA	**5.661**		**41.513**	

FONTE: Campaña de saneamento gandeiro 2003- Consellería de Medio Rural

As primas PAC teñen unha altísima importancia no sector. Se tomamos como referencia o ano 2002(Fonte Macromagnitudes agrarias 2002-Conselleria de Medio Rural) as subvencións significaron case 4 millóns de euros, un 41,2 % dos ingresos estimados dos/as produtores/as, que foron para ese ano de 9.582.690 euros.

Dese valor total ao ovino correspóndenlle 8.001.878 euros e ao cabrún 1.580.807 euros.

Isto da idea doutro elemento determinante na configuración do sector: a importante dependencia da axuda das primas da PAC para o mantemento da economía do sector.

1.4.- A aparición de explotacións intensivas para a producción de leite

No último ano vense observando de maneira illada nalgunhas comarcas de Galiza, basicamente naquelas que teñen unha importante tradición de vacún de leite, a aparición de granxas intensivas de ovellas ou cabras destinadas á producción de leite. O argumento se usa para xustificar este fenómeno é que o leite de ovella ou de cabra non está sometido ao réxime de continxentación por cota láctea como o de vacún, e que polo tanto é un investimento moi rendible.

Este novo fenómeno resulta preocupante por varias razóns:

I- Importase gando de comunidades autónomas que non teñen acadado o nivel de garantía sanitaria de Galiza. Co que apriorísticamente podería ser orixe de problemas sanitarios que en Galiza xa hai tempo que están resoltos.

II- O gando importado non está adaptado ás condicións climáticas galegas, moi distintas das da súa procedencia, co que, córrese o risco de sufrir unha altísima mortaldade.

III- As explotacións intensivas crean un grave problema ambiental, social e económico. Responde a modelos alleos que están fora da realidade galega e no fondo son manobras de especuladores/as para enriquecerse a conta da crise que viven algúns sectores do agro galego.

Polo tanto debemos ser moi vixilantes con esas situacións e facer chegar esta información ao conxunto da afiliación do SLG.

2.- LIÑAS DE TRABALLO NOS VINDEIROS ANOS

A dificultade que sempre tivemos para intentar poñer en marcha unha mínima organización sectorial dentro do SLG (o ultimo intento foi en marzo de 2002), provocou que os/as produtores/as de ovino/cabrún non sentiran a necesidade de organizarse no sindicato por canto unha parte das súas necesidades, mesmo sindicais, foron cubertas por organizacións sectoriais nas que ademais tiveron unha activa participación destacados afiliados/as do SLG. Non se trata agora de entonar meas culpas nin de buscar culpábeis, todo o contrario. Pretendemos corrixir a situación e facer que o SLG sexa tamén o elemento fundamental, o elemento vertebrador da organización do sector, e do seu futuro e onde ademais non quede ningún xénero de dúbidas sobre o papel que lle corresponde ao sindicato.

Pretendemos que o congreso sectorial de ovino-cabrún sexa o punto de inflexión para a posta en marcha dunha nova liña de traballo que, ao menos abarque os seguintes temas:

1.- Constitución e funcionamento ordinario dunha dirección sectorial de ovino e cabrún, que deberá reunirse de maneira habitual , ao menos dúas veces ao ano.

2.- Nomeamento dun/ha responsabel-coordinador/a do sector, encargado/a de dinamizar e facer funcionar a dirección de sector.

3.- Conseguir que a dirección de sector sexa útil para o sector. Para o que é imprescindíbel que sexamos capaces de redefinir o papel das distintas organizacións sectoriais que se moven no mesmo ameto que o SLG e que mesmo foron no seu día dinamizadas dende o SLG. Esa redefinición debe ser en base á cooperación leal de todas as partes, fuxindo de confrontacións e de protagonismos estereis e onde, sen ningún xénero de dúbidas, deben irse aclarando e definindo os terreos que lles corresponda a cadaquén, e onde quede nidiamente clarificado o papel que lle corresponde a organización sindical como motor eixo vertebrador das reivindicacións do sector.

4.- Corresponderalle, polo tanto á dirección de sector elixida no congreso concretar os pasos a dar para acadar ese obxectivo para avanzar na liña de masas arriba definida.

3.- TÁBOA REIVINDICATIVA DO SLG.

3.1.- Incendios e alimentación. O Silvopastoreo

O sector é un elemento fixador de poboación no medio rural, controlador de biomasa nos montes e nas terras agrarias abandonadas. É polo tanto un elemento fundamental na loita para a prevención dos incendios forestais. As políticas forestais herdeiras do franquismo, expulsaron ao gando e as facendas dos montes comunais para facer monocultivos forestais, apostando por modelos intensivos de xestión do monte, para ganancia das multinacionais papeleiras. Agora vemos nidiamente o resultado desas políticas. Por eso é o momento de apostar valentemente por un novo modelo de xestión forestal onde o silvopastoreo sexa o elemento vertebrador e dinamizador. Consideramos necesario:

3.1.1.- Impulsar e dinamizar dende o SLG proxectos silvopastorís que impliquen a explotación comunitaria dos montes veciñais en man común, o mantemento de poboación e o coidado do medio ambiente.

3.1.2.- Esixir da administración forestal que nas directrices de ordenación forestal sexa incluído o silvopastoreo como elemento imprescindible para a concesión de axudas públicas.

3.1.3.- Esixir da administración galega a dotación orzamentaria suficiente para a implantación de pastizais en montes comunais, así como das estructuras adecuadas (cercados, mangas de manexo, auga, instalacións..). De maneira rápida e áxil.

3.1.4.- Nos proxectos de silvopastoreo deberá facerse un estudio económico previo que avalíe a viabilidade económica deses proxectos.

3.2.- Sanidade

As liñas de traballo do SLG en materia de sanidade animal serán as seguintes:

3.2.1- Control e erradicación de enfermidades especificas, nomeadamente a Maedi Visna e a Paratuberculosis.

3.2.2.- Medidas de identificación de individuos resistentes ao Scrapie. So se están identificando individuos que están dentro do libro xenealóxico da raza autóctona ovella galega. E preciso aproveitar os fondos do MAPA e da UE para conseguir identificar reproductores/as no resto da cabana galega.

3.2.3- Eliminación do certificado veterinario para o envío de animais ao matadoiro. A obrigatoriedade dese certificado, a todas luces ineficaz, ocasiona un elevado custo para a administración e un engorroso tramite para os gandeiros e gandeiras.

3.3.- Os problemas dos mecanismos de identificación.

Dende o 1 de xaneiro de 2008 obrigatoriamente todos os animais ovinos e cabrúns teñen que estar identificados cun mecanismo electrónico. Ademais todos os animais nacidos a partir do 1 de xullo de 2005 teñen que ter unha segunda identificación. Esta segunda identificación, pola que ten apostado o MAPA é polo chamado "bolo", que se introduce no estómago dos animais ovinos. A instalación dese dispositivo está criando problemas nalgunhas explotacións, mesmo provocando mortaldade do gando. Por todo eso demandamos:

3.3.1. A indemnización pola administración dos animais mortos nas explotacións como consecuencia da implantación deses mecanismos electrónicos. A indemnización debe abarcar o dano emerxente e o lucro cesante.

3.3.2- Instar á administración central ao establecemento dun mecanismo de identificación menos lesivo para a saúde dos animais.

3.4- Gratuidade da recollida de cadáveres

Desde marzo de 2005 púxose en marcha un seguro de ENESA para a recollida de cadáveres das explotacións de ovino e cabrún. Este seguro ten subvención das administracións. Pois ben; polos datos que temos, sáelle a administración mais caro subvencionar o seguro de retirada de cadáveres que facelo de maneira gratuíta, como se viña facendo ate a data. Ademais o feito de ter un seguro non mellora nada a calidade da recollida de cadáveres, simplemente é un negocio para as compañías privadas de seguros, que con esta medida entraron nun espacio que antes estaba vedado para eles.

Por eso o SLG esixe da administración central a gratuidade da recollida de cadáveres e xa que logo a supresión do seguro dos MAR.

3.5.- Programa de retirada do desvelle.

Unha alternativa interesante, como complemento da recollida gratuíta de cadáveres seria a recollida organizada de animais de desvelle. Con eso eliminaríamos unha mortaldade elevada e xeraríase un pequeno beneficio para as explotacións. Este programa ten as seguintes vantaxes:

-Habería uns ingresos procedentes do valor comercial do animal (aproximadamente 10 euros/animal) que reduciría o custe de retirada.

-O/a gandeiro/a podería recibir unha parte (aprox. 5-6 euros/animal). Esto suporía un aliciente para fomentar este tipo de recollida.

-A retirada de animais en vida atenúa os riscos de infección e contaxio de enfermidades nas explotacións.

Por todo eso o SLG insta a administración galega á posta en marcha dun programa de recollida organizada de animais de desvelle, dotado

de orzamento suficiente.

3.6.- Relacións interprofesionais.

A situación de desvertebración que ten o sector fai que non sexa fácil o establecemento de mecanismos de relacións interprofesionais na actualidade en Galiza. Poren, na medida en que sexamos capaces de ir vertebrando o sector, debe ser un obxectivo estratéxico irrenunciable para o SLG o establecemento dun marco galego de relacións interprofesionais no sector ovino - cabrún.

3.7.- Os ataques da fauna salvaxe.

Dende o Sindicato sempre mantivemos que si a conservación do medio ambiente é un ben para toda a sociedade, xa que logo debe ser a sociedade, no seu conxunto, a que asuma os custes de conservación dese ben.

Despois de moitos anos de loita conseguimos que se abrira unha liña de axudas - que non indemnizacións - polos danos causados pola fauna salvaxe. A diferencia non é so semántica: si se recoñeceran como indemnizacións a administración estaría recoñecendo a súa responsabilidade patrimonial, e polo tanto asumindo o discurso do SLG e polo de agora non queren seguir esa liña. Ademais o tratamento fiscal das indemnizacións patrimoniais é distinto dos das axudas.

Con todo as axudas son un paso adiante con relación á situación anterior, pero, aínda así, debemos seguir reivindicando avances para evitar que se sigan producindo perdas nas explotacións. En concreto reivindicamos:

3.7.1.- Que as compensacións económicas que reciben as explotacións por mor dos danos provocados pola fauna salvaxe sexan considerados indemnizacións e non axudas.

3.7.2.- Que as indemnizacións cubran o dano emerxente e o lucro cesante.

3.7.3.- Que nas comisións técnicas provinciais de valoración estean representadas as organizacións agrarias representativas.



REGULAMENTO DO CONGRESO SECTORIAL DE OVINO E CABRÚN DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Artigo 1.- O presente regulamento establece as normas de funcionamento do Congreso Sectorial da Carne de Vacún do Sindicato Labrego Galego que se celebrará o 14 de abril de 2007 en Lalín - Comarca do Deza, ás 11:00h da mañá.

Artigo 2.- Poderán participar no período precongresual e asistir ao congreso, con voz e voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector que teñan as súas cotizacións ao día.

Artigo 3.- APROBACIÓN DAS PONENCIAS POLA COMISIÓN EXECUTIVA.

1.- A Comisión Executiva dará a súa aprobación ou modificará, segundo os casos, os borradores de ponencias.

2.- Unha vez aprobados os proxectos de ponencias, estes serán remitidos aos locais antes do 15 de marzo para a súa distribución entre toda a afiliación.

Artigo 4.- PRESENTACIÓN DE ENMENDAS.

1.- Tódolos afiliados e afiliadas poderán presentar emendas ás ponencias que se debatan. As emendas serán presentadas por escrito, e pasarán para o seu debate no Congreso Nacional do Sector.

2.- As emendas, teñen que ser pasadas por escrito antes do día 10 de abril ao Secretario de Sectores Gandeiros do SLG, e debe figurar o/a afiliado/a que vai defender cada emenda.

Artigo 5.- O PLENO DO CONGRESO NACIONAL DO SECTOR DE OVINO CABRÚN.

1.- O pleno do Congreso Nacional celebrarase o día 14 de abril de 2007 en Lalín (Comarca do Deza) ás 11:00h da mañá.

2.- O Pleno estará presidido por unha Mesa que será elixida na sesión previa. A Mesa estará formada por un Presidente ou unha Presidenta, que dirixirá os debates; un Vicepresidente ou unha Vicepresidenta; un Secretario ou unha Secretaria, que levantará acta da reunión; e dous ou dúas vocais. A Mesa Presidencial, por maioría, resolverá as controversias que puideran darse na interpretación deste regulamento.

3.- Unha vez elixida a Mesa Presidencial do Congreso someterase a aprobación, a orde do día da sesión e o regulamento, dándose inicio aos traballos.

4.- Tódalas persoas que defendan emendas terán unha quenda a favor e tres minutos para defender a súa emenda no Pleno. A continuación, intervirá a persoa designada pola Dirección de Sector para defender a ponencia oficial, podendo concederse unha nova quenda de réplica para fixar posicións. A Mesa do Congreso ten competencia para acurtar os tempos de intervención coa fin de axustarse ao horario establecido na orde do día.

5.- As emendas "in voce" só poderán ser aceptadas cando sexan proposta de síntese e así o decida a Mesa Presidencial por maioría.

6.- Unha vez rematado o debate de cada emenda procederase á súa votación, que para ser aprobada requirirá maioría simple.

7.- Cando remate o debate de tódalas emendas procederase á votación final conxunta sobre a totalidade da ponencia. Para ser aprobada, requirirá maioría cualificada.

8.- Ao rematar o proceso, procederase a elección da Dirección de Sector. Esta estará constituída por entre 14 membros. Serán elixidos ou elixidas polo procedemento de listas abertas, resultando elixidas as persoas que teñan maior número de votos.

9.- De cara a contribuír a aumentar a presenza das afiliadas nos organismos de dirección do SLG, a Dirección Nacional recomenda que se teña como criterio a introdución das compañeiras na Dirección de Sector e que, alomenos a metade das persoas elixidas sexa muller.

10.- Unha vez electa a Dirección do Sector, está procederá á elección, de entre os/as seus/súas membros, do/a representante de sector para a Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, que á súa vez exercerá de Responsábel do Sector de Ovino Cabrún do SLG.

16/ Congreso de Vacún de Carne

RELATORIO DO CONGRESO SECTORIAL DE VACÚN DE CARNE DO SINDICATO LABREGO GALEGO

1.- INTRODUCCIÓN.

O sector de carne de vacún ten unha grande importancia no agro galego, non debemos esquecer que estamos ante un dos sectores con maior aportación a Producción Final Agraria, sendo unha fonte de ingresos para un importante numero de familias labregas, que teñen a producción cárnica como único medio de vida ou como unha actividade complementaria. E de resaltar que en certas comarcas do interior de Galiza, a producción de carne de vacún constitúe un freo a progresiva desertización do medio rural galego, sendo a única actividade económica que se da nestas aldeas. Na actualidade o sector de carne de vacún ten un censo de en torno a 260.000 vacas, del viven preto de 15.000 familias que teñen nesta actividade o seu medio de vida, ou que a producción cárnica constitúe para elas unha actividade complementaria. Os seguintes datos son reveladores da importancia que Galiza ten na producción de carne de vacún, as explotacións galegas con dereitos de vacas aleitantes constitúen o 27% do total do Estado Español, tendo en conta que en Galiza preto de 15.000 productores/as perciben prima por vaca aleitante, e soamente ten o 8 % dos dereitos do total do estado, o numero de dereitos por explotación en Galiza e de 8 fronte a 25 dereitos de prima a vaca aleitante que teñen de media as explotacións do estado español, concretamente en algunha comunidade o numero de dereitos por explotación e de 60. Nos últimos anos coidemos comprobar como cantidade de dereitos de vaca aleitante fuxían de Galiza.

Con respecto a producción cárnica en Galiza debemos diferenciar dous subsectores distintos. Por unha banda esta a producción artesa, baseada no cebo de xatos en explotacións familiares, que utilizan como base da súa alimentación a lactancia materna e proceden maioritariamente de razas autóctonas galegas. Por outra banda atopamos a producción intensiva que conforma un modelo agroindustrial representada polos cebadeiros, os animais que se ceban nestas explotacións proceden das explotacións lácteas galegas, que teñen na venda de xatos de curta idade un ingreso a maiores para as súas rendas.

O modelo de producción tradicional fai que hoxe en día, a carne galega sexa recoñecida e valorada dentro e fora de Galiza, e é gracias a este modelo, que a nosa producción cárnica conte cun grande prestixio internacional.

2.- ANÁLISE DO SECTOR.

A producción de carne de vacún situase principalmente nas comarcas interiores da provincia de Lugo, Ancares, Fonsagrada, Lugo, Sarria, tendo tamén certa importancia noutras zonas de Galiza, como poden ser comarcas da montaña de Ourense, a comarca de Melide - Arzuá, a comarca da Ulloa en Lugo, etc. Nalgunhas destas comarcas como o caso da montaña de Lugo (Ancares e Fonsagrada), ou algunha comarca de Ourense, a producción de carne e a única actividade económica da que viven un importante numero de familias. A dimensión destas explotación e variábel dependo das comarcas nas que se sitúen e das incorporacións de xente nova que se produciron nos últimos anos, noutros casos estamos a falar dunha actividade complementaria a renda familiar, e a dimensión destas ultimas explotacións e menor.

Nos últimos anos o sector cárnico sufriu os efectos das sucesivas reformas da PAC, traducíndose nunha baixa importante dos prezos ata o ano 2006 no cal se rompeu esa tendencia, producíndose unha importante suba nos prezos da carne. Os prezos vividos con anterioridade a este ano supuxeron que se estaban a pagar polos xatos prezos similares os de hai vinte anos, tendo en conta a suba do IPC que se deu no estado Español, levou consigo que un número importante de explotacións pechasen a súa actividade ou a converteran nunha actividade complementaria. Para compensar esta caída de prezos optouse dende a UE por un sistema de prima a vacas aleitantes, vacúns machos, sacrificio, as cales si supuxeron unha axuda complementaria pero non foron capaces de cubrir as baixadas de prezos na súa totalidade, debido a que nalgúns casos non foron adaptadas a realidade galega.

Tendo unha producción de calidade cun recoñecido prestixio, a carne de vacún producida en Galiza sufriu de igual forma as baixadas de prezo dos seus productos.

As causas desta baixada non so foron motivadas polas sucesivas reformas da PAC, outros factores influíron de forma decisiva nos baixos prezos dos últimos anos. As importacións que se deron doutros países foron decisivas a hora de fixalos prezos da carne galega, por un lado deuse unha apertura comercial cara os países do leste de Europa(antes da súa entrada na UE-25), e tamén foron frecuentes as importacións de Arxentina, Brasil. Estas importacións de países cun sistema de producción a baios custos levaron implícito igualmente que moitos dos mercados ós cales tiña acceso a producción cárnica da UE fosen copados por estes países cun clara vocación exportadora. As políticas da UE nesta materia foron enfocadas a conseguir unha competitvidade en materia exportadora, co cal se enfocaron a producción a baixos custos e favorecendo un modelo de caracter agroindustrial que beneficiase principalmente os intereses das grandes multinacionais da industria cárnica. O desenrolo dun modelo de producción agroindustrial favoreceu a producción no cal todo valía co fin de acadar producción estables, de aí se deron casos como puido ser a utilización de fariñas cárnicas destinadas a alimentación animal, a utilización de antibióticos na fabricación de pensos, etc.

Este modelo de caracter agroindustrial favoreceu que a producción cárnica se vise afecta por unha crise como foi o problema das vacas tolas que se converteu nunha verdadeira lousa para o sector. Trala aparición do primeiro caso de EBB en Galiza (primeiro igualmente no conxunto do Estado Español) , e a posterior actuación das administracións competentes, fixo que o noso sector sufrira unha verdadeira perda de prestixio e unha desconfianza por parte de moitos productores e productoras. A actuación da administración competente caracterizouse por un falta total de calquera iniciativa relacionada coa prevención, os controis sobre uso de fariñas nos ruminantes (verdadeiro causante do mal das vacas tolas). Permitiuse o uso destas sustancias cando xa levaban dous anos prohibidas, porque seguíase coa máxima de producir e sacar o maior beneficio posíbel a calquera custo. Por outra banda a falla de planificación por parte da administración para a posterior actuación, levou consigo aspectos tan lamentábeis como os soterramentos de Mesía que sómente xeraron unha maior desconfianza no agro galego, e puxeron en risco o nivel de vida de tódolos e tódalas titulares das explotacións de vacún de carne. Todo este problema levou consigo un descreto da carne galego e o mesmo tempo xerou un problema de almacenamento de moitos xatos nas explotacións como caída das vendas, derivada da falla de consumo. Como consecuencia desta caída de prezos e da crise vivida algunhas explotacións tiveron que pechar as súas portas ou pasar a producción de carne de vacún a unha actividade

complementaria. As axudas facilitadas pola administración para paliar todo este problema foron dirixidas fundamentalmente os fabricantes de fariñas cárnicas, e as explotacións agrarias lonxe de favorecerse destas axudas, tiveron unha traba máis tanto no aspecto burocrático como no aspecto sanitario, que foi a posta en marcha do certificado ante-morten.

Coa fin de compensar as sucesivas baixadas que se deron na carne de vacún, por parte da Comisión Europea púxose en marcha un sistema de primas destinado a paliar as caídas no prezo de vacún que se deron na Unión Europea, derivadas da aplicación dun modelo de producción de caracter agroindustrial destinado a favorecer a vocación exportadora da UE. De aí xurdiron a prima a vaca aleitante ou aleitante, da cal se favorecían as vacas destinadas o cebo de xatos, igualmente xurdía a prima ó vacún macho destinada os animais sacrificados cunha certa idade, primeiro dez meses e despois nove meses, posteriormente implantaríase a prima ó sacrificio dividida en dous tramos e con posteriores modificacións, un tramo para maiores de oito meses e outro para menores de seis meses e cun peso máximo (na actualidade 185Kg/canal), tanto a prima a vaca aleitante como a prima ó vacún macho eran complementadas coa prima de extensificación percibida por aquelas explotacións cunha carga gandeira inferior a 1,4 UGM/H. Este sistema de axudas non foi quen de compensar a caída e o mesmo tempo levou consigo toda unha serie de problemas que aínda perduran a día de hoxe, por un lado un importante número de vacas aleitantes non dispoñen da súa prima correspondente, a día de hoxe sómente o 50% das vacas aleitantes están a percibir esta prima, e por parte da administración non se lle deu solución a este problema, moitos dereitos de vacas aleitantes permaneceron na reserva estatal sen ser repartidos entre as gandeiras e gandeiros necesitadas/os, a día de hoxe levamos mais de catro anos sen repartir os dereitos da reserva argumentando por parte do ministerio de agricultura que non existe un número de dereitos suficiente como para poder facer este reparto. Outro tema que supuxo unhas perdas considerables no sector de vacún de carne galego, foi a cantidade de dereitos que fuxiron deste país sen que se lles puxera ningunha traba, Estremadura, Castela-León, e outras comunidades do Estado Español foron as que adquiriron a maior parte dos dereitos abandonados en Galiza como consecuencia dos abandonos producidos nas explotacións agrarias galegas, sendo sectores especuladores os verdadeiros beneficiarios da marcha dos dereitos. Os erros e cruce de datos que se deron entre o Catastro e a Consellería de Política Agroalimentaria, contribuíron de forma decisiva a perda de moitos dereitos como consecuencia de non estar actualizados os datos catastrais.

No que respecta a prima de cebo ou vacúns machos, nos primeiros momentos esta prima estaba destinada a animais maiores de 10 meses aínda que despois esta idade reduciuse a 9 meses, nos primeiros momentos moi poucos animais podían percibir esta prima, posteriormente ampliouse o número de animais perceptores da axuda como consecuencia da reducción da idade. Igualmente convén subliñar que no marco das negociacións da Axenda 2000, por parte do Ministerio de Agricultura reduciuse ó número de dereitos a nivel estatal de animais que podía percibir a prima de vacún macho, como consecuencia das contraprestacións o sector do aceite. Esta prima que con posterioridade tivo un influencia decisiva no sistema de Pago Único, como consecuencia do desacoplamento desta axuda, levou consigo que sómente un número reducido de animais cobrasen a cuantía desta prima, traducíndose nunha reducción importante no sistema de pago único.

Con respecto a prima de extensificación, debemos subliñar que a carencia dunha lei de usos da terra, fixo que unha boa parte do terreo abandonado polas explotacións que pecharon se convertera en pasto do lume, incluíndo igualmente as forestacións das terras agrarias, non podendo acceder os gandeiros e gandeiras a este terreo abandonado, e impedindo un sistema de manexo baseado na reducción de custos aumentando a superficie forraxeira. Pódese ver o estado actual da maioría dos nosos montes, que lonxe de estar destinados a sistemas de pastoreo destinados producción gandeiras incluída a carne de vacún, están sometidos a un total abandono na maioría dos casos.

O sistema de primas implantado nos últimos tempos, favoreceu en moitas ocasións os intereses dos terratenentes e do modelo agroindustrial, os cales cobraban grandes cantidades de primas, cometendo as veces fraudes que posteriormente foron descubertos, e ao mesmo tempo estábase a dar o efecto dumping(prezos por baixo dos custos de producción) tanto a nivel estatal como internacional. O dumping nun mercado caracterizado pola globalización, está a traer consigo a desaparición dun importante número de explotacións.

Na actualidade o prezo da carne de vacún en Galiza, sufriu unha importante suba, debida a varias cuestións sendo a principal a apertura comercial que se deu a través da Indicación Xeográfica Protexida "Ternera Gallega", coa firma de convenios con grandes áreas comerciais, que como consecuencia dunha proposta do Sindicato Labrego Galego, as grandes áreas víanse obrigadas a comercializar unha porcentaxe de "Ternera Gallega suprema". Igualmente estase a percibir unha reducción da produción de carne de vacún en varios países da Unión Europea, o cal está a ampliar a demanda desta producción.

O futuro dos prezos da carne de vacún van estar ligados ós acordos de caracter mundial que se dean no marco da Organización Mundial do Comercio (OMC), e o mantemento dos aranceis como medida protectora das producións de corte familiar. A día de hoxe hai que ter en conta que países como poden Brasil ou Arxentina son grandes productores de carne vacún, no caso do primeiro podemos observar como a súa producción é equiparable a da Unión Europea dos 15, co cal temos en fronte unha serie de países que poden producir a carne a menos de 2 euros Kg/canal, e poñela no mercados europeos a prezos moi por debaixo dos actuais. Ante esta situación parécenos vital un sistema de mantemento de aranceis como medida de protección ante a inundación dos nosos mercados con carnes destes países, a día de hoxe algúns xa contan cun número considerable de cruces con razas autóctonas galegas. Igualmente os acordos os que está intentado chegar a Unión Europea con Mercosur poden ser prexudiciais para un sistema de mantemento de prezos, debido a que van encamiñados a redución de aranceis para as producción gandeiras, co cal se vería seriamente afectado o sector cárnico. No marco dos acordos da OMC, existen unha serie de países que queren suprimir boa parte do que son as Indicacións Xeográficas Protexidas, a día de hoxe parécenos que son un instrumento de comercialización necesario, debido a que estas indicacións poden considerarse un sistema de protección de producións de calidade, especialmente no que a carne de vacún en Galiza se refire, sendo imprescindible o seu mantemento.

3.- PROPOSTAS DO SINDICATO LABREGO GALEGO PARA O SECTOR.

- A renda Agraria debe vir vía prezos principalmente no canto de vir vía subvención.
- Fixación dun prezo mínimo que sexa capaz de conseguir un salario mínimo para que tódolos/as gandeiros/as poidan vivir dignamente da súa pro-

dución.

■Creación dunha mesa de prezos que garanta un prezos estábeis ao longo das distintas épocas do ano.

■Oposición a todo sistema de desacoplamento das axudas da PAC, as axudas deben ser destinadas ó fomento dun determinado modelo de producción e non o abandono da mesma.

■Posta en marcha por parte da administración de medidas destinadas ó aumento da base territorial das explotacións de vacún de carne, a alimentación en base a terra a parte de supoñer un producción a baixo custo é unha garantía dunha producción de calidade.

■Oposición a toda medida encamiñada a importación de carnes doutros estados cuns prezos mais baixos.

■Dotar a tódalas vacas aleitantes existentes en Galiza da prima de vacas aleitantes correspondente, tendo en conta que é unha garantía para poder manter un nivel de renda mínimo en calquera explotación de actitude cárnica.

■Controis nos matadoiros para garantir unha transparencia tanto na clasificación de canais como nos pesos.

■Controis sanitarios nos distintos puntos co fin de garantir a salubridade da nosa carne.

■Prohibición do uso de fariñas cárnicas, de alimentos transxénicos e de antibióticos na fabricación de pensos, garantindo para elo un sistema de control eficaz.

■Supresión do certificado ante-morten, xa que na realidade a súa función é mínima e supón importantes gastos para a administración, deixando á súa vez a administración este servicio en mans de empresas privadas.

■Demandamos un sistema de tratamento do MER, público e totalmente gratuíto. O sistema de seguros responde máis a unha vontade privatizadora.

■Demandamos un sistema de acrotalamento público e gratuíto para tódalas explotacións.

■As primas que perciben os/as gandeiros/as deben ser suficientes para compensar as sucesivas caídas de prezos que se deron no pasado e que se poidan volver a dar no futuro.

4.- POSICIÓN DO SINDICATO LABREGO GALEGO NA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA "TERNERA GALLEGA".

A Indicación Xeográfica Protexida "Ternera Gallega", comezou a andar no ano 1989, sendo recoñecida pola Unión Europea no ano 1996. Está indicación consta dun consello regulador formado por catro censos distintos: productores/as, cebadeiros, matadoiros e salas de despece. Dende o ano 1997, en que se celebraron as primeiras eleccións, o SLG optou por presentarse única e exclusivamente no censo de productores/as, en consonancia co seu programa en defensa da Ternera Gallega Suprema.

A defensa da "suprema", é o eixo que o SLG defendeu e vai seguir defendendo no Consello Regulador, e para elo proporanse as seguintes medidas:

■75% dos fondos que xestiona o Consello Regulador deben ser destinados a potenciar e promover a "Ternera Gallega Suprema".

■Adaptación do regulamento a realidade da nosa producción.

■Inspección das explotacións e dos cebadeiros inscritos sobre o cumprimento do regulamento.

■Realización de campañas de promoción e información específicas para a Suprema, nas cales quede perfectamente diferenciada esta categoría.

Outro dos aspectos de grande relevancia na I.X.P. Ternera Gallega, é a alimentación animal, por entender que este asunto é de vital importancia para acadar unha carne de calidade. As propostas do Sindicato Labrego Galego sempre foron orientadas no sentido de que as racións se basearan unicamente en cereais, e que non se admitise o uso de productos modificados xeneticamente (transxénicos) nin de antibióticos como a Monansina, producto este último eliminado de entre os que poden entrar na composición das racións dos animais da I.X.P., a proposta do SLG e despois de ter que atravesar a crise das vacas tolas.

Poren facemos as seguintes propostas a respecto da alimentación animal:

■As racións alimentares terán como base os cereais.

■Prohibición do uso de Organismos Xeneticamente Modificados, tamén coñecidos como transxénicos.

■Prohibición do uso de calquera tipo de antibiótico na alimentación do gando.

■Prohibición de calquera tipo de potenciadores de crecemento, tanto directamente como na elaboración das racións alimentares.

Outra das preocupacións permanentes do Sindicato Labrego Galego é a de garantir a calidade da nosa carne, poren o interese no bo funcionamento dos sistemas de control, tanto a respecto das racións alimentares, como na marcaxe e identificación dos animais. Ao mesmo tempo defendemos que a identificación da carne se faga con máis rigor, incluíndo datos como a comarca de procedencia, explotación, etc..,

As propostas do SLG a respecto desta cuestión son as seguintes:

■Establecemento de dous tipos de controladores: uns para animais e outros para a alimentación.

■Identificación da carne onde se faga constar a comarca, a explotación ou o cebadeiro de procedencia.

■Controis máis rigorosos sobre os puntos de venda.

■Información periódica da empresa de control externo perante o Consello Regulador.

Ao respecto da comercialización, as propostas do Sindicato labrego Galego, pasan por promover accións para tentar comprometer, con axudas, as carnicerías tradicionais co proxecto da I.X.P. mediante campañas de promoción da "suprema". Ó mesmo tempo é convinte o establecemento de convenios coa distribución, tendo en conta ó peso que a día de hoxe teñen na venda de productos alimentarios.

No tocante o tema dos prezos, é convinte sinalar que segundo os dados dos que dispón o Consello Regulador, unha cantidade importante das explotacións que inicialmente marcaban os seus xatos a traveso da I.X.P. Ternera Gallega, ao final estes xatos non son comercializados a traveso desta indicación, concretamente no último ano en torno a 30000 xatos. Está claro que a causa deste problema radica en que se conseguen prezos superiores comercializando fóra da I.X.P. que dentro da mesma. Diante desta situación, as propostas do SLG son as seguintes:

■Funcionamento regular da Mesa de Prezos da I.X.P. Ternera Gallega.

■Os acordos adoitados nesta Mesa de Prezos, serán de obrigado cumprimento para as partes.

■A compravenda realizarse por medio de Contratos Homologados, establecéndose prezos mínimos diferenciados para Ternera Gallega "normal" e "suprema".



REGULAMENTO DO CONGRESO SECTORIAL DE CARNE DE VACÚN DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Artigo 1.- O presente regulamento establece as normas de funcionamento do Congreso Sectorial da Carne de Vacún do Sindicato Labrego Galego que se celebrará o 28 de abril de 2007 en Sarria-Comarca de Sarria, ás 11:00 da mañá.

Artigo 2.- Poderán participar no período precongresual e asistir ao congreso, con voz e voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG deste sector que teñan as súas cotizacións ao día.

Artigo 3.- APROBACIÓN DAS PONENCIAS POLA COMISIÓN EXECUTIVA.-

A Comisión Executiva dará a súa aprobación ou modificará, segundo os casos, os borradores de ponencias.

Artigo 4.- DEBATE NA AFILIACIÓN.

1.- Unha vez aprobados os proxectos de ponencias, estes serán remitidos aos locais antes do 14 de marzo para a súa distribución entre toda a afiliación.

2.- A Comisión Executiva aprobou o calendario para a celebración das Asembleas Comarcais do Sector para debater as ponencias e nomear os/as representantes que correspondan para a Dirección Nacional do Sector. O calendario é o seguinte.

-Do 14 de marzo ao 16 de marzo, comunicación ao Secretario de Sectores Gandeiros a planificación das Asembleas Comarcais de Sector.

-Do 17 de marzo ao 24 de abril celebraranse as Asembleas Comarcais de Sector.

-O 28 de abril de 2007 celebrarase en Sarria o Congreso Sectorial de Carne de Vacún do SLG.

3.- O criterio de asignación de representantes por cada comarca para a Dirección Nacional da Carne de Vacún será o seguinte:

a) As comarcas constituídas, elixirán dúas persoas para a Dirección Sectorial.

b) Aquelas comarcas que superen os/as 25 afiliados/as no sector, poderán elixir un ou unha representante a maiores.

c) Para facilitar a asistencia ás reunións, deberase elixir un ou unha suplente para cada titular da Dirección de Sector.

Artigo 5.- ASEMBLEAS COMARCAIS.

1.- As Asembleas comarcais celebraranse entre o 17 de marzo e o 24 de abril, segundo o calendario fixado pola Comisión Executiva na súa reunión do 20 de decembro de 2006. Poderán asistir, con voz e con voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector, que teñan as cotas ao día.

2.- Tódolos afiliados e afiliadas poderán presentar emendas ás ponencias que se debatan. As emendas serán presentadas por escrito, e pasarán para o seu debate no Congreso Nacional do Sector, aquelas emendas que acaden, alomenos, o 30% dos votos dos/das presentes. Todas as emendas serán debatidas no Congreso Sectorial.

3.- As emendas que pasen para o debate no Congreso de Sector, teñen que ser pasadas por escrito antes do día 25 de abril ao Secretario de Sector, e debe figurar o/a afiliado/a que vai defender cada emenda.

4.- Rematado o debate das ponencias procederase á elección dos/as representantes da comarca para a Dirección Nacional de sector segundo o anexo que se achega. Serán elixidos ou elixidas polo procedemento de listas abertas, resultando elixidas as persoas que teñan maior número de votos.

5.- De cara a contribuír a aumentar a presencia das afiliadas nos organismos de dirección do SLG, a Dirección Nacional recomenda que se teña como criterio a introdución das compañeiras na Dirección de Sector e que, alomenos unha das persoas elixidas sexa muller.

Artigo 6.- O PLENO DO CONGRESO NACIONAL DO SECTOR DE VACÚN DE CARNE.

1.- O pleno do Congreso Nacional celebrarase o día 28 de abril de 2007 en Sarria ás 11:00h da mañá.

2.- O Pleno estará presidido por unha Mesa que será elixida na sesión previa. A Mesa estará formada por un Presidente ou unha Presidenta, que dirixirá os debates; un Vicepresidente ou unha Vicepresidenta; un Secretario ou unha Secretaria, que levantará acta da reunión; e dous ou dúas vocais. A Mesa Presidencial, por maioría, resolverá as controversias que puideran darse na interpretación do presente regulamento.

3.- Unha vez elixida a Mesa Presidencial do Congreso someterase a aprobación, a orde do día da sesión e o regulamento, dándose inicio aos traballos.

4.- Tódalas persoas que defendan emendas terán unha quenda a favor e tres minutos para defender a súa emenda no Pleno. A continuación, intervirá a persoa designada pola Dirección de Sector para defender a ponencia oficial, podendo concederse unha nova quenda de réplica para fixar posicións. A Mesa do Congreso ten competencia para acurtar os tempos de intervención coa fin de axustarse ao horario establecido na orde do día.

5.- As emendas "in voce" só poderán ser aceptadas cando sexan proposta de síntese e así o decida a Mesa Presidencial por maioría.

6.- Unha vez rematado o debate de cada emenda procederase á súa votación, que para ser aprobada requirirá maioría simple.

7.- Cando remate o debate de tódalas emendas procederase á votación final conxunta sobre a totalidade da ponencia. Para ser aprobada, requirirá maioría cualificada.

8.- Ao rematar o proceso, a Dirección de Sector electa procederá á elección, de entre os/as seus/súas membros, do/a representante de sector para a Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, que á súa vez exercerá de Responsábel do Sector da Carne do SLG.

Anexo informativo para a elección dos/as membros da dirección de sector.

- **Ferrolterra:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Betanzos - Arzúa:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Ordes:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Compostela:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **A Mariña:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Vilalba:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Meira:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Ancares:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **A Fonsagrada:** 3 representantes máis 3 suplentes.
- **Chantada - Monforte:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Deza - Tabeirós:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Pontevedra Centro:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Pontevedra Sul:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Trives:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Castro Caldelas:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Viana - A Gudiña:** 2 representantes máis 2 suplentes.
- **Resto Ourense:** 2 representantes máis 2 suplentes.

CALENDARIO



Congreso hortofrutícola
25 de febreiro de 2007
Betanzos (A Coruña)




Congreso de Vacún de leite
17 de marzo de 2007
Vilalba (Lugo)



Congreso da pataca
31 de marzo de 2007
Xinzo de Limia (Ourense)



Congreso de Ovino e Cabrún
14 de abril de 2007
Lalín (Pontevedra)



Congreso de Vacún de Carne
28 de abril de 2007
Sarria (Lugo)